

## Algunhas consideracións sobre o léxico romance para designa-los individuos non adultos<sup>1</sup>

M. Carmen Alén Garabato  
M. de la Fe Vega Madroñero

O campo das denominacións dos individuos non adultos ó longo das distintas etapas do seu crecemento móstrase especialmente propicio a todo tipo de cambios léxicos e de renovacións semánticas.

Son palabras moi utilizadas, sobre todo no contexto familiar, nas que os falantes proxeccion a súa afectividade; pero xustamente por ser tan usadas están sometidas a un desgaste maior e deben ser renovadas constantemente por outras capaces de conte-la expresividade que perderon as primeiras.

En xeral, a lingua diferencia varias etapas, con nomes particulares para os rapaces que se atopan nelas. En cada etapa hai numerosas palabras que os designan<sup>2</sup>.

Neste traballo intentamos recoller unha boa parte das palabras deste campo: palabras comúns de cada lingua, da linguaxe familiar e popular e palabras rexionais ou locais. Os vocábulos que iremos expoñendo están sacados da bibliografía que incluímos ó final deste traballo, en especial dos atlas lingüísticos e dos dicionarios. É de salientar que estas dúas fontes se complementan, pois moitas das palabras que atopamos nos atlas non están reflexadas nos dicionarios e viceversa. Dos primeiros obtivemos palabras rexionais e mesmo locais; dos segundos, ademais de palabras estandarizadas da lingua (moitas veces non reflexadas nos

<sup>1</sup> É dicir, a etapa que vai desde o nacemento ata os 18-20 anos aproximadamente.

<sup>2</sup> Aínda que rara vez ou nunca esteamos ante sinónimos en sentido estricto, pois cada palabra ten os seus usos e matices particulares.

atlas) outras da linguaxe familiar ou popular de creación máis ou menos recente. e longo do traballo concretaremos de onde obtivemos cada palabra e a súa definición<sup>3</sup>.

As posibilidades do léxico de cada lingua non quedan sen embargo esgotadas, pois probablemente faltan moitas palabras que non están recollidas nos dicionarios nin nos atlas, ou que non atopamos.

Tamén cómpre sinalar que a distribución que facemos das palabras ó longo desta etapa é, ás veces, aproximativa, pois en moitas ocasións carecemos de datos concretos e é difícil saber desde cando e ata que idade se lle pode aplicar un determinado nome a un rapaz; en ocasións depende do falante, e mesmo da situación de utilización<sup>4</sup>.

### 1. LÉXICO LATINO E LÉXICO ROMANCE

A primeira constatación que poderíamos facer despréndese da comparación entre a situación actual do conxunto da Romania e o latín. Vemos que algunhas palabras perdéronse totalmente, outras conserváronse en derivados, e algunha foi retomada como cultismo en época tardía, ó tempo que outras novas foron aparecendo. As que se conservaron sufriron a miúdo cambios semánticos.

En latín, para desinsnar ós nenos usábase PUER, que significaba ‘nenos’, ‘rapaz’ (mas. e fem.) na etapa que sucede á INFANTIA e precede á ADULESCENTIA. PUER diferenciábase de LĪBERĪ, que designaba ós nenos con relación ós pais (aínda que ás veces esta distinción non se gardaba, e PUER servía de singular a LĪBERĪ); ás veces tamén tiña o significado de ‘xove escravo’. Da mesma raíz era Puella ‘doncela, rapaza, amada, muller xove’, frecuente na linguaxe amorosa; e PUELLUS ‘nenos’, que é moito máis raro e feito secundariamente sobre o feminino (*DELL*, s. v. PUER).

Tamén existía INFANS (derivado de FARI ‘falar’) ‘que non pode falar’, ‘mudo’. Como a etapa na que o nenos é incapaz de falar acaba ós 7 anos, INFANS pasou a designa-lo nenos no sentido reservado comunmente a PUER (*DELL*, s. v. ĪNFANS, ĪNFANTIS).

Usábase ademais PARVI ‘os fillos pequenos, os pequerrechos’, plural de PĀRVUS (*DILEEL*, s. v. PĀRVUS), e o diminutivo PĀRVULUS ‘moi pequeno’, empregado como sustantivo na linguaxe popular como palabra afectiva para designa-lo ‘nenos’ (*DELL*, s. v. PĀRVUS); e PUTUS, sinónimo familiar de PUER (*DELL*, s. v. PUTTUS). Tamén se empregaba PŪSUS ‘rapaz’, e o seu derivado PŪSIO ‘rapazote’ (*DELL*, s. v. PŪSUS).

<sup>3</sup> Cando atopamos nos atlas formas das que descoñecemos-la ortografía (pois os atlas recollen representacións fonéticas) dámo-las tal como aparecen, é dicir, en escritura fonética (como a miúdo hai varias realizacións dunha mesma forma, recolle-mos só unha, a non ser que sexan variantes que nos parecen representativas). Tamén nos vimos obrigadas, dada a súa cantidade, a prescindir en ocasións das formas derivadas (diminutivos, aumentativos...) que non aportaban ningún aspecto fundamental ó contido do traballo.

<sup>4</sup> Aínda que en ocasións puidera ter interese establecer unha diferenciación, limitámonos a da-las formas masculinas ou que designan os dous xéneros.

Para a etapa que vai dos 17 ós 30 anos usábase ADULESCENS, participio activo do verbo ADOLESCERE ‘medrar’ (*DILEEL*, s. v. ADULESCENS).

E a continuación viñan os IUVENES ‘o/a xove’, forma empregada sobre todo como sustantivo, sendo secundario e raro como adxectivo e con xénero feminino. Sábese que os latinos situaban ós IUVENES entre os ADULESCENTES e os SENIORES (20 a 40 anos) (*DELL*, s. v. IUVENIS).

1.1. Algunhas destas palabras conserváronse nas linguas romances, pero son a miúdo cultismos ou neoloxismos, e frecuentemente modificaron a súa significación. Poucas poden ser consideradas palabras patrimoniais, e poucas son populares na actualidade.

É o que sucede con INFANS, que atopamos como voz patrimonial e de uso normal na maioría das falas da Galorromania (*enfant*), excepto no sur e no Sur-oeste (onde foi eliminado, ou cando menos relegado por *canaille*, *drôle*, *ménage*), tomando o significado de PUER, ‘nenos de 6 a 15 anos’, e dos LĪBERĪ ‘rapaces con relación ós pais’ (*DELF*, s. v. *enfant*). Na península Ibérica deu lugar a *infante*, voz culta que se especializou pronto como nome do xove nobre (s. XII), e logo para o fillo do rei. Probablemente desde Cataluña, xa no século XIII, este significado estendeuse a Italia. Co sentido de ‘nenos’ está aínda no Cid e en Berceo, e logo pasou a ser unha voz culta (non así en catalán, onde sempre foi popular e aínda o é). O sentido de ‘soldado de infantaría’ tomouse do ital. *fante*, que ademais de ‘rapaz, mozo’ significaba ‘servidor, criado’, e de aí pasou ós ‘soldados de a pé’, mirados na Idade Media como criados dos cabaleiros (*DCECH*, s. v. *infante*). En catalán e en portugués, *infant*<sup>5</sup> /*infante* respectivamente, que seguen a te-lo significado de ‘nenos moi pequenos’, son palabras de uso normal na lingua, pero cultismos pola súa forma. En italiano *infante* tampouco é unha palabra patrimonial; ten actualmente varios significados ‘que se encontra na infancia’ (culto), ‘nenos moi pequenos’, ‘criado, servente’, ‘soldado’ (os dous últimos arcaísmos) (Zing. s. v. *infante*(1)), ‘príncipe real na monarquía española e portuguesa’ (préstamo do castelán *infante*) (Zing. s. v. *infante*(2)). De todos modos, é unha palabra de introducción tardía en calquera das súas acepcións (*DEI*, s. v. *infante*1 e *infante*2). *Infante* e *fante* documéntanse no Norte de Italia e xa na zona Suíza (*AIS*, 1: 45 e 58). Tamén no italiano ĪNFANT deu lugar a *fancello* ‘nenos’, ‘servo’ (hoxe arcaísmo), diminutivo de *fante* ‘nenos’, ‘que non fala’, e del deriva *fanciullo* ‘rapaz entre seis e trece anos’ (Zing. s. v. *fancello*). En friulano son abundantes as formas derivadas de INFANS: [fantulín], [fantačút], [fantat], [fantasín]... para designar calquera idade (*AIS*, 1: 45; *ASLEF*, 3: 1843, 1903, 1906, 1907, 1909).

Non tiveron sucesión PUER e PUELLA. PUER só se conserva en neoloxismos: *pueril*, *puericultura*... Aínda que quizás dera lugar, a través dun posible derivado \*PUERUNCULUS, a *prunc* ‘rapaz’ en romanés<sup>6</sup> (*DLR*, s. v. *prunc*), palabra patrimonial da que derivan nu-

<sup>5</sup> Documentámolo en Mallorca e Menorca (*ALC*, 3: 583).

<sup>6</sup> Aínda que a orixe desta palabra non está clara. Cioranescu considera que non é axeitado considerar que procede de \*PUERUNCULUS, e propón como orixe o eslavo *prȳtĉe*, diminutivo de *prȳtŭ* ‘variaño’ (*DER*, s. v. *prunc*).

merosos termos, entre os que suliñamos *pruncoteán* ‘chaval’ en Transilvania (*DER*, s. v. *prunc*).

Tampouco tivo continuidade PARVULUM, diminutivo de PARVUS ‘pequeno’, empregado na lingua popular para designar ós nenos, aínda que deu o ital. *pargolo* ‘neno’ e *pargoletta* ‘nena’ (antes tamén ‘moza’), que data do século XIV (*DEI*, s. v. *pargolo*) e que actualmente só é de uso literario (Zing. s. v. *pargoletta*); e o occ. *parvol* ‘neno’ (Levy, s. v. *parvol*<sup>7</sup>). Foi tomado sen embargo noutras linguas como préstamo culto (por exemplo o cast. *párvulo*).

PUTUS deu no ital. *putto*, *puttino*, *puttello*, e outras variantes, localizados especialmente no Norte (Lombardía, Véneto, Emilia-Romagna) designando tanto ó ‘neno’ como ó ‘rapaz’ (*AIS*, 1: 45 e 58); hoxe é arcaísmo na lingua normal (Zing., s. v. *putto*(1)). Tamén proceden desta palabra as voces friulanas [putél] (*AIS*, 45; *ASLEF*, 3: 1843, 1903, 1906, 1907) e [putelét] (*ASLEF*, 3: 1903). En occitano atópase *bot* ‘rapaz novo’ nos Haute-Alpes (*ALF*, 4: 622, 623B), que tamén podería proceder de PUTUS, ou quizás de NEPŌS (Mistral, s. v. *bot* na acepción de ‘fils, petit garçon’).

ADULESCENS consérvase só como palabra culta e neoloxismo. Así, o cast. *adolescente* foi adoptado na primeira metade do século XV (*DCEHDH*, s. v. *adolescente*), e igualmente sucedeu no francés, onde parece algo anterior, s. XIV (*DELFL*, s. v. *adolescent*). De aí que a súa forma non sufrira a penas modificacións: cast., gal., port. *adolescente*, ital. *adolescènte*, fr. rom. *adolescent*...

En canto a IUVENIS, consérvase tamén nas linguas romances. No castelán é un término semiculto, que non foi moi usado na Idade Media nin no Século de Ouro (empregábase máis *mozo*); empeza a aparecer na prosa do século XVII (aínda que xa antes aparecera na poesía e como adxectivo aplicado ós animais). O mesmo ocorre en portugués, onde data do século XVI. En catalán, occitano, francés e italiano, polo contrario, foi sempre unha palabra esencial do léxico (*DCECH*, s. v. *joven*). De todos modos, esta palabra parece relegada por outras máis expresivas, xa que se atopa escasamente nos atlas lingüísticos. Na Iberorromania documéntase *jovencito* en Gomera (*ALEICAN*, 2: 659) e [xovənθáno] en Zaragoza (*ALEANR*, 8: 1903), e existe tamén en galego e portugués: *xove* e *jovem* respectivamente. Na Galorromania atopamos o occitano *jouvent* nos Alpes Maritimes, e o gascón *june òme* no Haute Garonne (*ALF*, 4: 622), na Itallorromania localízanse esporadicamente *govenotello* na Toscana (*AIS*, 1: 45), e [juvínút], [zovín], [ǰovənét]... en friulano (*ASLEF*, 3: 1907, 1909).

Había en latín un termo que estaba moi relacionado con este campo, e que en ocasións era sinónimo de ‘neno’, ‘rapaz’; trátase de FĪLIUS ‘fillo’, que ademais en plural podía significar ‘nenos’ en xeral (*DILEEL*, s. v. FĪLIUS). Nalgunhas linguas especializouse neste segundo sentido (sen perde-lo primeiro). Este é o caso de *figlio* e variantes, aplicado a nenos de

<sup>7</sup> Mistral non recolle esta palabra, pero sí *pàrvi*, *àrvio*, como adxectivo e co significado de ‘neno moi pequeno’, ‘nena pequena’, nos Alpes; propón como etimoloxía o ital. *parvo* (Mistral, s. v. *pàrvi*). Recolle tamén *parviot* ‘bebé’ (Mistral, s. v. *parviot*).

calquera idade, que é moi abundante no centro e norte de Italia (AIS, 1: 45 e 58); documéntase tamén en corso e en friulano respectivamente as formas *figliolo* (ALF *Corse*: 729) e [fiʝol] (ASLEF, 3: 1843, 1906, 1907), que proceden do lat. FILIOLUM, diminutivo de FĪLIUS (recollida en Zing. s. v. *figliolo* co significado de ‘rapaz, mozo’). No francés común *fille* tanto significa ‘filla’ como ‘rapaza’ (Robert, s. v. *fille*), e o mesmo sucede co masculino *fils* e as súas variantes no norte de Francia e en Bélxica (ALF, 4: 622 e 623A e B); atopamos tamén nas Landes *petit hilh* (ALF, 4: 623A). Na Iberorromania documéntase a voz catalana *fillet* con este sentido en Menorca (ALC, 3: 583). E en rom. *fiŭ* significa tamén tanto ‘fillo como ‘rapaz’ (DSLRL, s. v. *fiu*).

1.2. Con todo, o léxico románico deste campo segue a ter orixe latina na súa inmensa maioría (trátase de palabras patrimoniais ou de préstamos dunhas linguas a outras). Prescindindo das palabras de orixe expresiva ou descoñecida, poucas voces non son latinas:

Así, entre outras, sulñamos o cast. *chaval*, que vén do xitano *čavále*, vocativo masculino de *čavó* ‘fillo’, ‘rapaz’, que, como voz do castelán está recollida na Academia en 1884 (DCECH, s. v. *chaval*); existe tamén no cat. *xaval* familiarmente ‘rapaz’ (Fabra, s. v. *xaval*). *Chaval*, e os seus derivados (*chavalón*, *chavalillo*, *chavalito*, *chavalete*, *chavea*<sup>8</sup>...), ‘e unha das palabras máis estendidas no castelán para designar a ‘nenos de calquera idade’. En galego tamén é frecuente para nenos de 12 a 17 anos; para menores de 12 úsase máis escasamente, ás veces con un diminutivo: *chavaliño* (documentado en Sanxenxo, provincia de Pontevedra); para maiores de 17 anos en Teo (provincia da Coruña) a forma *chaval*, e en Baños de Molgas (Ourense), a forma *chavalote* (ILGA).

Tamén en castelán existe *zagal* ‘rapaz’ e os seus derivados<sup>9</sup>. Estas formas están moi estendidas por Aragón (ALEANR, 8: 1901, 1902, 1903) e Andalucía (ALEA, 5: 1349, 1350). *Zagal* procede probablemente do árabe vulgar ZAGÁLL ‘valente, forte’ e ‘rapaz robusto’. Nun principio usábase sobre todo referíndose a mozos das aldeas, a miúdo pastores (DCECH, s. v. *zagal*).

Tampouco son de orixe latina as palabras do fr. *garçon*, *drôle*, das que falaremos, e outras aplicadas secundariamente ós nenos.

É de salienta-lo romanés, que conta con numerosas palabras de orixe eslava: *poroboc* (de *parobŭkŭ*), *plod* (de *plodŭ*) (DER, s. v. *poroboc* e *plod* respectivamente), etc.

Iremos vendo estas e outras palabras ó longo do traballo.

## 2- PALABRAS DE ORIXE ONOMATOPEICA E EXPRESIVA

Unha grande cantidade das palabras que viñeron a ocupa-lo sitio das latinas teñen orixe a miúdo onomatopeica. As linguas romances buscaron vocábulos diferentes ós anteriores, probablemente máis expresivos, para nomea-los individuos non adultos. As palabras expresivas e

<sup>8</sup> *Chavea* é especialmente andaluz, procede do vocativo masculino singular *čavaia* (DCECH, s. v. *chaval*).

<sup>9</sup> *zagalote*, *zagalete*, *zagalizo*, *zagalito*, *zagalastro*, *zagalón*, *zagaloncillo*...

as onomatopeicas están na orixe das denominacións sobre todo dos máis pequenos, en especial dos recién nacidos, pero esténdese a calquera idade.

2.1 As onomatopeias reproducen en ocasións os choros dos recém nacidos, quizás cun leve matiz despectivo.

Este é o caso do cat. *nyec* ‘neno pequeno’ (Fabra, s. v. *nyec*), que reproduce os xemidos dos canciños ou doutros animais (Corom., s. v. *nyac*), probablemente en comparación cos primeiros choros.

Quizas teña tamén orixe onomatopeica o fr. [ŋa], presente nun punto de Loir-et-Cher (ALF, 3: 461), e que podería vir de *gnangnan* ou *gnian-gnian*, onomatopeia que expresa a burla cara a unha persoa que se queixa por calquera cousa (DELFL, s. v. *gnangnan*). Familiarmente *gnangnan* designa unha persoa branda, se enerxía e que choriquea por todo (Robert, s. v. *gnangnan*); quizás se empregue cos nenos pequenos que choran a miúdo. A forma [ñarǽl], documentada en Lombardía (AIS, 1: 45 e 58), probablemente estea emparentada coa anterior (cfr. co ital. *gnao*, que reproduce os berros do gato).

2.2. Os primeiros balbucidos, antes de aprender a falar, están tamén na orixe dalgúns termos.

Para designar ós que acaban de nacer, existe un termo xeral a tódalas linguas: a palabra *bebé*. Na única lingua na que parece que non existe co significado de ‘recén nacido’ é no occitano<sup>10</sup>. Curiosamente *bebé* é un galicismo datado por primeira vez no francés en 1842, aínda que é anterior. Segundo o dicionario etimolóxico de Bloch e Wartburg, *bebé* foi o nome dun anano famoso (1739-64) da corte de Stanislas Leczynski. É unha palabra onomatopeica comparable ó inglés *baby* (tomada tamén como préstamo en 1842), aínda que *bebé* non parece ser unha adaptación desta a pesar da data recente na que foi rexistrado. En todo caso, é probable que *baby* contribuíra á difusión de *bebé* (DELFL, s. v. *bebé*).

O fr. familiar *môme* ‘neno’ reproduce tamén probablemente os sonidos que fan os rapaces pequenos antes de aprender a falar (DELFL, s. v. *môme*).

*Bambino* e *bimbo* tamén teñen orixe na linguaxe infantil, proceden do balbuceo BAMB-, raíz tamén presente en formas como *bambo* ‘parvo’, *bámbolo* ‘neno’, *bámbola* ‘moneca’. A primeira no Mezzogiorno ten só o significado de ‘Neno Xesús’ (DEI, s. v. *bambino* e *bambo*), pero é unha palabra moi común no italiano da zona central e no Norte; a segunda é a apofonía da primeira e documéntase na Toscana (para as dúas formas AIS, 1: 58). En friulano é escasa (ASLEF, 3: 1906). Do italiano pasou ó francés, onde *bambin* documéntase xa en 1575, pero que non é usual ata o século XVIII (nun principio significaba tamén ‘Neno Xesús’) (DELFL e Robert, s. v. *bambin*).

<sup>10</sup> Tan só recolle esta palabra Mistral, co significado de ‘infantil’, ‘ovella’ (no Aude), e dálle como orixe a repetición de *bé* ‘infantil’, ‘ovella’, ‘cordeiro’, que procede da onomatopeia do balido da ovella (Mistral, s. v. *bebé*).

2. 3. Outras veces as onomatopeias reproducen voces agarimosas usadas polas nais cos seus fillos.

Esto sucede coa familia de palabras que se estende pola Romania, e que ten orixe na voz expresiva \*NINNUS. Esta voz puido nacer da frase *NINNA-NANNA*, que as nais dirixían ós seus fillos para arrolalos (*DCECH*, s. v. *niño*). Procede dela o cast. *niño*<sup>11</sup>, que é a máis común ata os 10 anos, e *nené*, máis familiar e agarimosa. En portugués é moi común a voz *nenó*, e existe tamén *nenho* e *nené*. En galego *nenó* é a denominación máis usada ata os 12 anos (con moitas variantes: *neniño*, *niño* (en Ourense), *nenín* (en Asturias)...; para os rapaces de 12 a 17 anos documéntase en zonas próximas a Zamora e a León; no galego de Asturias (concello de A Veiga) documéntase para maiores de 17 anos (ILGA). *Nino* dise en Madeira, pero é unha voz case descoñecida en portugués, que só emprega o hipocorístico *menino* (*DCECH*, s. v. *niño*, n. 4). A forma cat. *nin* está documentada especialmente en Mallorca, e tamén nos Pirinéas-Orientales, zona lindante con Cataluña (*ALC*, 3: 583, *ALF*, 4: 622, *ALF*, 3: 461). *Nen* aparece en áreas de Huesca próximas a Cataluña (*ALEANR*, 8: 1901, 1902, 1903, 1903). *Nin* e *nineta* aparecen algunha vez na lingua de Oc medieval, e hoxe séguese a usar nalgunhas zonas meridionais, aínda que o sentido actual máis vivo sexa ‘pupila do ollo’ en tódolos Pirineos gascóns. O mesmo sentido ten *nina* no Sur de Italia (*DCECH*, s. v. *niño*); no sentido de ‘nenó’ ou ‘rapaz’ documéntase en Campania (*AIS*, 1: 58). Tamén se documenta [nin] en friulano (*ASLEF*, 3: 1848, 1903). Dada a extensión xeográfica deste vocábulo debe tratarse dunha voz moi antiga (*DCECH*, s. v. *niño*).

Probablemente o cat. *noi*, propio do Principado e de orixe incerta, sexa un diminutivo de *nin-a*, de onde *ninoi*. Documéntase en áreas de Zaragoza próximas a Cataluña (*ALEANR*, 8: 1902 e 1903). Nun principio significou ‘rapaz pequeno’, ‘nenó’, e no século XIX é frecuente chamarlles así ós ‘mozos solteiros’; actualmente designa un ‘rapaz desde o nacemento ata á puberdade’ (Corom. s. v. *noi*).

O cat. *minyò* significou primitivamente ‘nenó’; xunto do fr. e do occ. moderno *mignon*<sup>12</sup> ‘bonito, gracioso’ suponse que parte dunha base románica MINNIONE ou \*MINIONE<sup>13</sup>, de formación paralela ó fr. antigo *mignot* ‘bonito, gracioso’, o ital. *mignolo* ‘meñique’, port. *menino* ‘rapaz’, bearnés *menin* ‘bebé’, etc., palabras de creación expresiva (Corom. s. v. *minyò*). Da mesma orixe podería se-la forma italiana *meninno* ‘defectuoso nos órganos xenitais’, que se aplica ós nenos revoltosos ou inútiles, e que orixinariamente tivo o valor de ‘débil’, ‘tonto’ (*DEI*, s. v. *menno*). Atopamos esta forma no Sur de Italia, en Puglia e Basilicata (*AIS*, 1: 58). En galego é moi frecuente, para nenos de ata 12 anos (e ás veces de menos de 7), a forma *meniño* en Ourense e zonas fronteirizas de Zamora, en Pontevedra, e máis escasamente na Coruña (só na zona do Barbanza), en Lugo non se documenta (ILGA).

<sup>11</sup> Sen olvidar tódalas construcións do tipo *niño de mantilla, de pañales, de teta, niño chico...*, que se documentan en Andalucía para designar ó ‘recén nacido’ (*ALEA*, 5: 1346).

<sup>12</sup> Co sentido de ‘nenó’ documéntase en Pirinéas-Orientales (*ALF*, 4: 622 e 623A).

<sup>13</sup> Probablemente na base estea a raíz MIN-, voz agarimosa das nais cos seus fillos (Corom. s. v. *minyò*).

O cast. *rorro* ‘nenho que aínda mama’ (Moliner, s. v. *rorro*), ten a mesma raíz que o verbo *arrullar*; é unha onomatopeia da voz palomo e do canto co que as nais arrolan ós seus nenos (DCECH, s. v. *arrullar*). Documentábase en Almería coa forma *rorró* (ALEA, 5: 1346)<sup>14</sup>.

Tamén son de creación expresiva (aínda que secundariamente aplicadas ós rapaces): o fr. *petit*, gal. *pequeno*, ital. *piccolo*..., o cast. *chico*, e o fr. *poupon* entre outros, dos que falaremos máis adiante.

### 3- CREACIÓNS DE NOVAS PALABRAS A PARTIR DOUTRAS XA EXISTENTES.

Ademais das creacións expresivas para dispoñer de novas palabras, acódeuse a termos xa existentes na lingua (ou tomados dunha lingua veciña) adaptando o seu significado (e en ocasións a forma). Os termos que están na orixe das palabras obtidas deste modo son moi variados, pero presentan características comúns en tódalas linguas.

3.1. Fan alusión a algunha característica fisiolóxica da etapa á que se refiren, aluden ó nacemento, á necesidade de ser criados... (cfr. lat. INFANS ‘que non fala’ e ADULESCENS ‘que está a medrar’). Isto dáse sobre todo nos máis pequenos.

3.1.1. Expresan o inicio da existencia. É o que sucede co cat. *nadó* ‘bebé’, que se corresponde ó occ. *nadon*, só referido ós aimais (Levy, s. v. *nadon*)<sup>15</sup>.

O rom. *făt* ‘nenho’ procede do lat. FĒTUS, que significaba tanto o ‘parto’ coma o ‘froitto do parto’: ‘camada’, ‘cría’ (DER, s. v. *fat*). De *făt* deriva *flăcău* ‘mozo’, co sufixo *-lău*, como de *făta* ‘nena’ deriva *fătălău* (DER, s. v. *flăcău*). E tamén procede de FĒTUS, a través dun diminutivo \*FĒTIOLUS, o rom. *fecior* ‘rapaz’, aínda que tamén podería ser un derivado de *făt* > *fetcior* ou *fetșor* (DER, S. V. *fecior*)<sup>16</sup>.

De modo similar, dentro da ItaloRomania, existe a forma *frut* (e as súas variantes [frót], [frutín], [frutút], [frutát]) (AIS, 1: 45 e 58; ASLEF, 3: 1843, 1903, 1906, 1907, 1909) ‘froitto’, que procede do lat. FRŪCTUS; é moi abundante en friulano e pasou a designalo ‘nenho’ a través do sentido relixioso de ‘nenho no ventre materno’ (DEI, s. v. *frutto*).

#### 3.1.2. Fan referencia á necesidade de ser alimentados e coidados:

O port. *criança* e o cat. *criançò* (e tamén proceden do mesmo verbo o cast. e gal. *crío*, *criatura*), que veñen do lat. CREĀNS ‘o que cría’, aluden á que non se valen por si sos e deben ser criados. *Crío* e *criatura* documentábase tamén en catalán (e non só en Cataluña, atópase tamén en Valencia, Huesca, e Mallorca (ALC, 3: 583). En Italia *criatura* está presente sobre todo no Centro e no Sur (AIS, 1: 58).

<sup>14</sup> Poderíamos incluír aquí a voz [šini:fo] ‘nenho que aínda mama’, que aparece en Lanzarote (ALEICAN, 2: 658), e que quizás podería ser un termo expresivo cariñoso de uso afectivo, semellante á voz *chino* en Sudamérica.

<sup>15</sup> A esta temos que engadirlas formas compostas do tipo fr. *nouveau né*, cast. *recién nacido*, rom. *nou nascut*, etc., que fan referencia ó nacemento. En galego documentábase a forma *recién*, para nenos de ata 1 ano, en Laracha (A Coruña) (ILGA).

<sup>16</sup> Podemos relacionar con estas palabras o rom. de orixe eslava *plod* ‘nenho’, que ten aínda hoxe o significado de ‘embrión’, ‘xérmolo’, ‘froitto’ (este último arcaísmo) (DER, s. v. *plod*).

Do mesmo modo, o cast. *nodrissó* e o fr. *proceden* do lat. NUTRĪTĪONEM, acusativo de NUTRĪTĪO ‘alimento’ (DELF, s. v. *norrison*), e fan referencia á mesma necesidade.

Así mesmo, máis directamente, o rom. *sugar / sugaci* ‘nenó’, ‘bebé’, ‘lactante’, ‘cría’, ‘leitón’ (DRE, s. v. *sugaci*) deriva do lat. SŪĜĚRE ‘mamar’ (REW, s. v. *sugere*, &8438).

E tamén o italiano *mammolo* ‘nenó que mama, neníño’ deriva da forma infantil latina MAMMA ‘nai’, ‘peito’, ‘teta’ (DEI, s. v. *mammolo1, mamma1*). Sen embargo, esta voz en friulano aparece referíndose ó neno de menos de dous anos (ASLEF, 3: 1843), pero tamén para ‘nenó de máis de 6 anos’ (ASLEF, s. v. 1906, 1907; AIS, 1: 45). Na Península de Istria documéntase [mámo], que podería estar relacionada coa anterior, o mesmo que [mammóćco], documentada en Lazio, e [mammóćc] en Abruzzo (AIS, 1: 45).

En galego documéntase en Ourense (concello de Ómbra) a voz *pipiolo* ‘nenó de 12 a 17 anos’ (ILGA). *Pipiolo* deriva de *piar*, onomatopeia da voz dos paxaros, e parece ser unha voz dialectal italiana, en relación co lat. PIPIARE ‘piar’, co italiano familiar *pipi* ‘nenó’, co arcaísmo *pipione* ‘pichón’ e co dialectal *pipiu* ‘pene de neno’ (DCECH, s. v. *piar*). Quizás faga referencia á mesma necesidade de ser alimentados.

Tamén poden facer alusión de modo máis xeral á necesidade de ser coidados as formas que derivan do lat. MANSIONATICUS ‘pertencente á casa’, derivado de MĀNSIŌ ‘casa’. Así atópase no occ. *mainat* e *meinage* (ALF, 3: 461), no gascón *maynat* e *maynada* (ALF, 3: 461), e voces parecidas en zonas de Suíza e Italia fronteirizas con Francia: [mĩnã], [mẽinã], [mãřnã] (AIS, 1: 45 e 58; ALF, 3: 461). Todas estas formas derivan de *mainatge* ‘fogar’, ‘gobierno dunha casa’, ‘traballos domésticos’, ‘os fillos’ (Alibert, s. v. *mainatge*). De *mainat* deriva *mainatjon* ‘nenó pequeno’ (Alibert, s. v. *mainat*). Tamén se documenta *mainada* en catalán (en Cataluña e zonas lindantes de Aragón) (ALC, 3: 583 e ALEANR, 8: 1903) co significado de ‘conxunto de familiares ou serventes da casa’ (arcaísmo), ‘conxunto de guerreiros ó servizo dun señor’, ‘conxunto de nenos’, ‘rapazada’ (Fabra, s. v. *mainade*), e *mainatge* ‘nenó, criatura’ (ALC, 3: 583). En italiano documéntase *masná*, sobre todo no Piemonte, referíndose ó ‘nenó’ (AIS, 1: 58 E 45).

Unha evolución similar tería o rom. *băiat* se, como se supón, procede do lat. BAJŪLARE ‘levar unha carga’, ‘levar ás costas’, ‘criar’<sup>17</sup>. Del derivan, co mesmo significado, *băietán*, *băietandru*, *băiețel*, *băiețică* (DER, s. v. *băiat*).

En Sicilia existe a voz *ađđevu* ‘lactante’, ‘rapaz’ (AIS, 1: 58), que parece proceder de *ađđivari* ‘educar’ (Piccitto, s. v. *ađđevu*).

### 3.1.3. Refírense a circunstancias físicas propias dos máis pequenos:

Así o cat. *caganer* ‘nenó de menos de 4 anos’, que procede do adxectivo de forma idéntica ‘o que caga a miúdo’, é un derivado de *cagar*, do lat. CACĀRE (Corom., s. v. *cagar*). En castelán documéntase en Navarra *cagón* ‘nenó menor de 5 anos’ (ALEANR, 8:

<sup>17</sup> A orixe desta palabra non está clara, e podería vir tamén do lat. BĀIULUS ‘mozo de corda’ (Coteanu, pp. 68-70).

1091). De modo similar, o francés ten a palabra popular *chiard* ‘nenito pequeno’, que deriva de *chier* (lat. CACĀRE) ó que se lle engadiu o sufixo despectivo *-ard* (Robert, s. v. *chiard*).

A voz *müt*, que se documenta unicamente no Véneto, referida tanto a ‘nenito’ como a ‘rapaz’ (AIS, 1: 45 e 58), significa propiamente ‘mudo, que non di nin *mu*; procede do lat. MŪTUS (Zing., s. v. *müto*). É unha formación paralela ó lat. INFANS ‘que non fala’.

3.2. Un pequeno grupo de palabras fai alusión a circunstancias externas ó nenito, trátase máis ben das expectativas dos pais ante o nacemento:

Así, o ital. *redes, rais*, que deriva de HĒRĒS, -ĒDIS ‘herdeiro’ (Zing., s. v. *erède*), documentada escasamente en Lombardía para referirse a ‘nenito’ e a ‘rapaz’ (AIS, 1: 45 e 58).

O mesmo podería pasar coas formas que aluden á importancia dun fillo varón, Poderían expresar esta importancia as formas que proceden do lat. MASCŪLUS, diminutivo de MAS, MARIS ‘varón, macho’. Así, o castelán *machote* (DCECH, s. v. *macho I*), documentado en Huelva designando ó ‘rapaz’ (ALEA, 5: 1350); en Córcega existe a forma *maschju, masciu* (ALF Corse: 728, 729). Podería expresar unha idea semellante [mālél], presente nun punto de Isère (ALF, 4: 622), que quizás proveña da mesma palabra latina.

O occ. [dŏn], [dŭn] (ALF, 3: 461), documentada en Gironde, podería se-la mesma forma que *don* ‘don, presente, liberalidade’, que viría do lat. DONUM; neste caso estaríase facendo alusión ó nenito como un don divino.

Os sentimentos cara ós rapaces poderían estar reflexados na forma [karčé], presente en Abruzzo (AIS, 1: 58), que quizás proceda do lat. CARUS ‘querido’.

3.3. Faise moi frecuentemente alusión ó seu aspecto, e a características físicas propias da idade.

3.3.1. As alusións fanse en ocasións por medio de calificativos que parecen describir fisicamente ós rapaces.

A- Con frecuencia indican tamaño reducido.

Así, o amplo grupo de termos espaxados pola Romanía que funcionan como adxectivos e sustantivos e que indican ‘escaso tamaño’, construídos todos cun *p-* inicial<sup>18</sup>, seguido normalmente dunha vocal aguda e dunha oclusiva xorda. Por exemplo, na Galorromania *petit*<sup>19</sup> (e de aí o port. *petiz* ‘nenito’), na península Ibérica o gal. *pequeno*<sup>20</sup>, *pequecho*, *pequerrecho*, cast. *pequeño*, etc; no ital. *piccolo, piccino*<sup>21</sup>; no friul. [píčŏ], (ASLEF, 3: 1843) e [pičínfŋ] (ASLEF, 3: 1903), documentado nun só punto; en Sardo [pičéokéđđ] <sup>22</sup>; todas elas

<sup>18</sup> Para esta familia pode verse tamén REW, s. v. PĪKK-, &6494 e PĪT-, &6544a.

<sup>19</sup> Atopamos *petit* e as súas variantes ([tí], [tyđ], [píti], [ptyđ], [ptyí], [pityü], [píte yü], [pitseyđ]...) ademais de no francés, en occitano, gascón, franco-provenzal (ALF, 4: 622 e 623A e B) e en catalán (concretamente en Huesca (ALEANR, 8: 1901 E 1902).

<sup>20</sup> Documentase *pequeno* co significado de ‘nenito de ata 12 anos’ en Lugo con bastante frecuencia; no resto de Galicia e zonas fronteirizas non aparece a penas rexistrado como fundamental para esta acepción (ILGA).

<sup>21</sup> E as súas variantes [pišín], [pišŏn], [pišŏl], [pičŏt], [pičŏt], [pičŏl] no Norte de Italia, e [pičéiridđ], [pičéiréđđ], [pičéiréđđ], [pičéirillə], [pəčéəninn], [pičéllidđ], [pičéčŏt], [pičéčtyéđđ] no Sur (AIS, 1: 45 e 58).

<sup>22</sup> [pičéinnéđđ], pičéinnu, pittsinnu, pittsókku, [bizéđđ] (AIS, 1: 45 e 58).

son palabras de creación expresiva<sup>23</sup> que viñeron a substituí-lo lat. PARVUS. No lat. xa se atopaba PITTINNUS ‘pequeno, neno pequeno’ (DCECH, s. v. *pequeño*). Todas estas palabras romances poden designa-lo ‘neno’.

O mesmo pasa con *chico*, común ó castelán e catalán así coma ó vasco, ó sardo e a algúns dialectos italianos. Parece ser de creación expresiva, e só indirectamente relacionada co lat. CICCUM ‘membrana que separa os grans dunha granada’, ‘cousa insignificante, pizca’. É allea ó portugués e ó galego<sup>24</sup>, polo menos modernamente, e existe en catalán, onde non parece ser un castelanismo dada a súa antigüidade (DCECH, s. v. *chico*). Documentámo-la forma *xic* en Tarragona (ALC, 3: 583), Huesca e Teruel (ALEANR, 5: 1092); *xicot* en Huesca e Teruel (ALEANR, 5: 1091 e 1093); e *xiquet* en Tarragona, Valencia (ALC, 3: 583), Zaragoza, Huesca e Teruel (ALEANR, 5: 1091 e 1092).

En Itallorromania proceden da voz infantil CIT(T) ‘pequeno’ o italiano *citto*, *citele...*, presente no Piemonte e na Toscana, referíndose tanto ó ‘neno’ como ó ‘rapaz’ (AIS, 1: 45 e 58); e o corso *zitello* ‘neno’ e ‘rapaz’ (ALF Corse: 728-729).

En romanés existe a forma *tica* ‘pequeno’, ‘chato’, expresión de cariño para o neno. É unha creación expresiva similar ó cast. *chico*, ital. *cicca* ‘colilla’ (DER, s. v. *tica*).

B- Outras veces refírense á constitución física de cada idade.

No francés familiar existe *mouflet* ‘bebé’, que deriva do antigo fr. e dialectal *mo[u]flet*, *mouflart*, *moufflu* ‘regordete, rechoncho’; trátase dunha palabra que data da segunda metade deste século (Robert, s. v. *mouflet*).

En Pontevedra (concello de Catoira) documéntase para nenos de 12 a 17 anos [espixót ə] (ILGA), que podería derivar de *espigar* ‘crecer e adelgazar en pouco tempo’.

De modo similar o rom. *tînăr* ‘rapaz’ procede do adxectivo lat. \*TĒNĒRUS ‘tenro, delicado, novo’, forma popular de TĒNĒR (DER, s. v. *tînăr*).

C- Por medio de palabras que fan referencia ó cabelo, ó costume de levalo corto ou longo.

Así, a raíz alternante de carácter expresivo MOT-, MOTS-, MUTS-, BOT-, de valor evocativo de redondez, achatamento, deu lugar a palabras como o vasco *motz* ‘romo’, ‘sen cornos’, ‘pelado’, o gal. *esmozar* ‘descabezar unha árbore’, etc. Da idea de ‘mutilar’, ‘desmochar’ pasouse a ‘esquilar’, ‘rapar’ e apareceron na Iberorromania formas como *muchacho*, que deriva de *mocho* no sentido de ‘esquilado’<sup>25</sup> (DCECH, s. v. *mocho*), *mozo* e *motrilón*, que deriva do vasco *mochil*, *motil* ou *motril* ‘rapaz’, ‘criado’, que á súa vez procede do lat

<sup>23</sup> En romanés existe *pici*, familiarmente ‘rapazote’ (DRE, s. v. *pici*); sen embargo, Cioranescu (DER s. v. *pici*) considera dubidosa a súa relación coa raíz *pic-*.

<sup>24</sup> En galego existe como adxectivo aplicado a unha cousa de pouco valor, insignificante ou cativa; atopámola sen embargo, co significado de rapaz de 12 a 17 anos, documentada na provincia de Lugo (concello de Friol) (ILGA).

<sup>25</sup> Corominas rexeita a etimoloxía proposta por Meyer-Lübke, pola que derivaría do lat MUSTEUS co sentido de ‘mozo’ (DCECH, s. v. *mozo*).

MŪTILUS ‘mutilado’, ‘rapado’, forma tamén representante desta raíz expresiva (*DCECH*, s. v. *mochila*). As dúas primeiras son moi comúns en España: *muchacho*, xunto cos seus derivados<sup>26</sup>, designa en xeral ó neno despois dos 10 anos, pero tamén pode ser aplicado a nenos menores<sup>27</sup>. En Portugués é un préstamo do castelán (*DLP*, s. v. *muchacho*).<sup>28</sup>

*Mozo*, que antes se refería a criaturas de poucos anos, aplícase actualmente a ‘adolescentes’, e tomou tamén o sentido de ‘criado’ debido seguramente á asociación de ideas á que xa nos referimos (*DCECH*, s. v. *mozo*). Derivados desta palabra<sup>29</sup> documéntanse abundantemente en tódalas zonas de lingua castelá, e existen as formas *mosso*, *mosset* en catalán<sup>30</sup>, e *moço* en portugués. En galego pode ser considerado o termo xeral para maiores de 17 anos (con variantes: *moso*, *mosete*, *mozalbeta*, *mosiño...*), e aparece tamén para rapaces de 12 a 17 anos (a miúdo con diminutivos) (*ILGA*).<sup>31</sup>

*Motrilón* aparece unicamente nun punto de Córdoba, referíndose ó neno de 10 a 15 anos (*ALEA*, 5: 1350). Esta forma e as anteriores indícanlo costume de raparlle-lo cabelo a nenos e mozos, en contraste coa melena dos adultos, costume, como indican Coromines e Pascual, atestada por Américo Castro en miniaturas dos séculos XIII e XIV (*DCECH*, s. v. *mozo*)).

Probablemente se relacione coas anteriores o francés popular *moutard* ‘rapaz pequeno’, que data de 1827. A historia desta palabra non se coñece ben, pero probablemente estea en relación con *moté* ‘rapaz pequeno’, palabra da rexión de Lyon, que á súa vez pertencería á familia do provenzal *mout* ‘despuntado, truncado’ (*DELFL*, s. v. *moutard*).

Na Itallorromania reflexa a mesma idea a voz italiana *toso* ‘rapado, esquilado’, que, aplicado a nenos de calquera idade, está presente, con variantes, na parte Norte de Italia, especialmente no Véneto (*AIS*, 1: 45 e 58); e tamén en friulano existen formas semellantes ([toʃatél], [tōs]...), referido a rapaces de máis de 6 anos (*ASLEF*, 3: 1843, 1906, 1907, 1909; *AIS*, 1: 45). Derivan de TŌ(N)SUS, participio de TONDĒRE ‘esquilar, rapar, cortar’ (*DEI*, s. v. *toso*).

En Sicilia é moi abundante a voz *carusu* (*AIS*, 1: 45 e 58), designando sobre todo ó ‘rapaz’, e que significa ‘aprendiz, mancebo’, ‘muchacho’ (Piccitto, s. v. *carusu*). Está relacionada coas anteriores, pois deriva do lat. CARIOSUS ‘pelado’ (*DEI*, s. v. *carusu*).

<sup>26</sup> *muchachillo*, *muchachito*, *muchachón*, *muchachuelo*, *muchachete*, presentes especialmente en Canarias (*ALEICAN*, 2: 658 e 659) e Andalucía (*ALEA*, 5: 1350).

<sup>27</sup> En puntos de Sevilla, Córdoba e Jaén aplícase mesmo ó recién nacido (*ALEA*, 5: 1346).

<sup>28</sup> O francés popular *moujingue* ‘neno’, que data de 1915, podería proceder do castelán *muchacho*, ou ser unha voz de orixe alxeriana (Robert, s. v. *moujingue*).

<sup>29</sup> *mocete*, *mocetito*, *mocetón*, *mocico*, *mocillo*, *mozalbeta*, *mozuelo*, *medio mozo*, *mocicón*, *mocingón...*

<sup>30</sup> Documentamos *mosso* en Teruel (*ALEANR*, 8: 1093), e *mosset*, *mossetet* en Huesca (*ALC*, 3: 583 e *ALEANR*, 8: 1091).

<sup>31</sup> En francés existe *mousse* ‘rapaz que aprende o oficio de mariñeiro nun barco comercial’. Esta palabra non parece proceder do castelán nin do italiano; documéntase no século XV no Sur-Oeste, e dos portos destas cidades tería pasado ó francés común (*DELFL*, s. v. *mousse*, *nom masc.*).

O sardo *pilosu* (AIS, 1: 45), derivado de PILUS ‘pelo, cabelo’ (REW, s. v. *pilosus*), fai tamén referencia ó costume de cortarlle-lo pelo ós nenos ó chegar á puberdade.

O contrario, a voz castelá *lanetón*, derivada probablemente do lat. LANA e documentada nun punto de Sevilla (ALEA, 5: 1350), parece que fai referencia á abundancia de pelo nos adolescentes, xa que se aplica a nenos de 10 a 15 anos<sup>32</sup>.

3.3.2. As alusións ó aspecto fanse ás veces comparándoos con seres pequenos ou da fantasía, que conlevan a miúdo unha carga afectiva considerable; e outras veces con cousas redondeadas, que indican pequenez, gordura, ou que fan referencia á súa falta de harmoniosidade.

Así *drôle*, que é un préstamo do neerlandés medio *drol* ‘home pequeno, trasno’, de onde procede o sentido de ‘pícaro’ do francés (sentido arcaico). Modernamente e no Midi francés *drôle* tomou o sentido de ‘rapaz’ (xa se documenta con este sentido no languedociano en 1771) (DELF, s. v. *drôle*). En francés no sentido de ‘rapaz’ segue a ser unha palabra dialectal dos falantes do Midi (Robert, s. v. *drôle*), documéntase na Vendée, Deux Sèvres e Charente-Inférieure (ALF, 3: 461 e ALF, 4: 622-623A), e está moi estendida en gascón e outras zonas próximas a Gascogne coa forma *drolle* (ALF, 3: 461 e ALF, 4: 622-623A).

Do mesmo modo, o rom. *prichindél* ‘nenó’, de orixe descoñecida, significa ‘persoa de pouca estatura’ (DLR, s. v. *prichindel*).

O fr. *poupon* ‘bebé’ e *poupard* ‘bebé regordete’, que derivan do lat. pop. \*PŪPPA, variante de PŪPA ‘neniña, boneca’, con repetición silábica expresiva propia da linguaxe infantil (DELF, s. v. *poupard*), engaden á connotación de pequenez unha importante carga afectiva se as poñemos en relación con *poupée* ‘boneca’. En occitano documéntase [pèpũ] nos Hautes-Alpes (ALF, 3: 461), que quizás podería te-la mesma orixe. Na Italo-romania atópase o italiano *popò* ‘nenó’ e ás veces ‘rapaz’, frecuente en Veneto (AIS, 1: 58 e 45); e da mesma orixe son as formas friulanas [pupatuθ] (AIS, 1: 1906) e [pupat] (AIS, 1: 1907) referidas ó neno de máis de 6 anos’, e [pupíŋ] para menores de dous anos (ASLEF, 3: 1843); e igualmente o sardo *pippiu* (AIS, 1: 45 e 58).

O fr. familiar *mioche* tivo tamén unha evolución singular. Procede de *mie* (do lat. MĪCA ‘faragulla, porción’), ó que se lle engadiu o sufixo despectivo e argótico *-oche*; da-touse en 1567 co significado de ‘migalla’ (DELF, s. v. *mie*), en 1787 como ‘migalla de pan’ e en 1807 como ‘aprendiz’; en francés actual na lingua familiar significa ‘nenó’ (Robert, s. v. *mioche*).

O rom. *cocon(ni)* ‘nenó’, ‘infante’, ‘príncipe’, ‘xove de boa familia’ deriva probablemente de *coc(ă)* ‘nenó’, aínda que o sufixo *-on* non estea moi claro (DER, s. v. *cocon*). *Coca* deriva de *coc (-curi)*, e significa ‘boliña feita con masa de pan’, ‘pasta’, ‘boneca’, ‘nenó’

<sup>32</sup> Cfr. co castelán de Guatemala e de Honduras *lana* ‘persoa de clase miserable’, ‘farrapento’ (Moliner, s. v. *lana*).

(*DER*, s. v. *coc(ă)*). Probablemente se aplique ós nenos gordechos en comparación coas bolas de pan.

O ital. *bòcia* (*AIS*, 1: 45), de orixe incerta, podería proceder de *boccia*, tamén de etimoloxía descoñecida, que de modo humorístico significa ‘cabeza’ e tamén ‘pompa (de xabón)’, ‘bocha’ (*Zing.*, s. v. *boccia*). Trátase dunha palabra do Veneto, que probablemente se refira por extensión ás meixelas recheas dos rapaces; durante a 2a Guerra Mundial difundíuse co significado de ‘recluta’ (*DELI*, s. v. *bocia*).

A fantasía tamén está presente no cat. *gojat* ‘rapaz’, que deriva do feminino *goja* ‘fada’; este último probablemente significou tamén ‘doncela’, pero hoxe non se usa máis que de modo comarcal e poético para designar estes seres das lendas (*Corom.*, s. v. *goja*); del falaremos máis adiante.

O fr. popular *lardon* propiamente ‘anaco de touciño’, e xa en 1878 ‘neno’ (*Robert*, s. v. *lardon*), alude de modo despectivo ó aspecto rechoncho dos nenos pequenos.

Para rapaces de 12 a 17 anos documéntase na provincia da Coruña (concello de Aranga) *casquetes* (*ILGA*), probablemente derivado de *cascar*, e en relación con *cascallo* ‘anaco, lisca de pedra’; quizás faga alusión ó aspecto pouco harmonioso dos adolescentes.

3.4. Alúdese a características positivas ou negativas da conducta de nenos e adolescentes: á torpeza, á alegría, á inquietude, á folgazanería, á falta de hixiene, á arrogancia:

3.4.1. Mediante comparacións ou metáforas que de algún modo se refiren ós animais:

Tal é o caso do fr. *marmot*, que foi datada por primeira vez en 1493 co significado de ‘mono’, aínda usual no s. XVIII; tomou o sentido de ‘neniño’ a partir de 1640. Parece ser que procede do verbo *marmotter*, a causa dos movementos continuos que fan os monos cos seus peteiros. Del procede o ital. *marmocchio* ‘neno’ e o rom. *marmot* (*DELFL*, s. v. *marmot*).

Tamén en francés témo-la voz *crapaud* ‘sapo’, que en Bélxica, documentada nun único punto (*ALF*, 4: 622 e 623B), designa ó neno. Esta acepción está recollida no diccionario Petit Robert como significado familiar que data de 1847 (*Robert*, s. v. *crapaud*), o mesmo que *crapoussin* ‘persoa pequena e farrapenta’, ‘neno’ (*Robert*, s. v. *crapoussin*). Deriva do antigo francés *crape* ‘racimo’, que debeu ter primitivamente o significado de ‘gancho’, xa que procede do xermánico \*KRAPPA ‘gancho’. O animal debe este nome ás súas patas curvas (*DELFL*, s. v. *crapaud*). A asociación entre sapos e nenos pode deberse tanto ós torpes movementos do sapo como á súa fealdade (*crapaud* dise tamén, por analoxía, de certos animais que destacan pola súa fealdade (*Robert*, s. v. *crapaud*)).

Tamén en francés existe *loup* ‘neno’ na linguaxe familiar e popular (*Robert*, s. v. *loup*), que deriva da forma escrita de *loup* (lat. LUPUS). É unha palabra de creación moderna, que data de 1885 (*DELFL*, s. v. *loup*), probablemente veña do uso de *loup* como termo afectivo aplicado ós rapaces (acepción tamén moderna, 1890) en expresións como *mon loup*, *mon gros loup*, *mon petit loup*, e este da asociación do lobo coa fame (cfr. coa expresión *une faim de loup* e co occitano *galavard* ‘voraz’ aplicado ós nenos) (exemplos e definicións de *Robert*, s. v. *loup*).

Unha metáfora similar é a das voces do castelán *pardalote* ‘nenos de 5 a 15 anos’ en Zaragoza (*ALEANR*, 8: 1092 e 1093) e *pardal*, documentada en Zaragoza e Teruel referíndose ó ‘nenos de 10 a 15 anos’ (*ALEANR*, 8: 1093). Ámbalas dúas proceden do lat. PARDAL ‘gorrión’, e este, á súa vez, probablemente do grego παρδαλος, da mesma familia que παρδος ‘leopardo’. *Pardal* significou ‘nugallán, astuto’ debido á antipatía do campesiño por este paxaro, gran consumidor de gra (*DCECH*, s. v. *pardal*). Segundo M. Moliner aplícase a nenos como insulto cariñoso, equivalente a *pillabán* (Moliner, s. v. *pardal*).

En Granada e Almería aparece esporadicamente *zanguango* (*ALEA*, 5: 1350), derivado de *zángano*, co que comparte o significado de ‘indolente’. *Zángano*, que procede de ZANG, onomatopeia do zumbido, significa propiamente ‘macho da abella’, e asociouse á noción de folgazanería debido a que este insecto non produce mel, pero si a come. Nos derivados de *zángano* nótase tamén a visión das súas longas e bamboleantes pernas (*DCECH*, s. v. *zángano*). As voces [θangələ́tə] e [sangeló̞tə] documentadas en Tenerife e Lanzarote para a mesma idade (*ALEICAN*, 2: 659), poderían proceder da mesma forma.

A forma [taberçtə], documentada nun só lugar de Almería referíndose ó nenos de 10 a 15 anos (*ALEA*, 5: 1350) probablemente sexa un derivado de *tabarra* ‘lata’, que á súa vez vén de *tabarro* ‘especie de avés’, variante do lat. TABANUS (*DCECH*, s. v. *tábano*). Quizás se aplique ós nenos polas molestias que causan.

Do lat. CANALIA, derivado de CANIS ‘can’, deriva na Iberorromania o catalán *canalla* ‘multitude de cans’, ‘xente de ínfimo valor’, ‘home vil’, ‘conxunto de nenos’, ‘nenos’ (*ALC*, 3: 583). Na Galorromania a forma francesa *canaille* ‘chusma’, ‘persoa deshonesto’ utilízase co sentido de ‘nenos’ na zona oeste<sup>33</sup> (*ALF*, 4: 461). Na Italo-romania o italiano *canaglia* evoluciona a ‘grupo de nenos’ e ‘nenos’ no Norte de Italia, (*DEI*, s. v. *canaglia*), pero é sobre todo en friulano onde se documenta abundantemente a forma [kanaḷ], referido a ‘nenos de calquera idade’, e máis exactamente a forma [kanaú̞t], para os de 6 a 12 anos (*ASLEF*, 3: 1843, 1903, 1906 e 1907; *AIS*, 1: 45 e 58).

Probablemente se refira á falta de hixiene dos nenos o gascón *coche* ‘cocho’, ‘nenos’, que procede dunha raíz de carácter expresivo, probablemente formada a partir dos berros que serven para chama-los cochos (*Koš Koš*) (*DEL*, s. v. *cochon*). Atópase nas Landes (*ALF*, 4: 622 e 623A), e segundo Mistral en Gascogne e Niza significa ‘*porceau, goujat, pâte d'encre*’ (Mistral, s. v. *coche, cocho, coch*).

O franco-provenzal *aret* ‘carneiro’, ‘home testalán’, que aparece nun punto de Doubs co significado de ‘nenos’ (*ALF*, 3: 461), podería aludir á terquedade dos nenos ou ter un matiz claramente insultante. Procede do lat. ARIES,-ĒTE ‘carneiro’ (Mistral, s. v. *aret, areit, dareit*).

<sup>33</sup> Aínda que no francés normativo só se use para designar a ‘rapaces insoportables’ por esaxeración (Robert, s. v. *canaille*).

En romanés asóciase ós nenos cos terneiros na forma *dănač* ‘rapaz, mozo’, que procede do turco *dana* ‘tenreiro’. Probablemente a mesma voz, por mediación do xitano, deu *dancin* ‘rapaz, mozo xitano’ (*DER*, s. v. *dănač*). A asociación entre tenreiros e nenos pode vir tanto pola terquedadade como pola comparación da forza e xuventude de ámbolos dous.

Á característica da arrogancia posiblemente se poidan adscribi-las voces iberorromanas *galletón*, *galletoncito* e *pollo* (e os seus derivados). As dúas primeiras están presentes unicamente nas Illas Canarias (en Gran Canaria e Lanzarote), aplicadas a nenos de calquera idade (*ALEICAN*, 2: 658 e 659). *Pollo* e os seus derivados<sup>34</sup> documéntanse en Canarias e Andalucía para designa-lo rapaz de máis de 10 anos (*ALEICAN* 2: 659 e *ALEA*, 5: 1350). En galego documéntanse as formas *polo*, *polote*, *polete* para rapaces de 12 ata 17 anos na provincia de Ourense (concello de Pereiro de Aguiar) e da Coruña (concello de Vilasantar), e para maiores de 17 anos *polliño* na Coruña (concello de Muxía), e *polo* e *polote* en Ourense (concellos de Villamartin de Valdeorras e Pereiro de Aguiar) (*ILGA*). Proceden todas elas do lat. *PŪLLUS* ‘polo’, que nun principio se refería á cría de calquera animal e que se empregou tamén co sentido de ‘pequeniño’ (*DCECH*, s. v. *pollo*). A localización destas palabras e o feito de que en xeral en castelán *pollo* teña tamén o significado de “señorito”, aplicado tamén con tono despectivo e burlesco a homes maduros (Moliner, s. v. *pollo*) lévanos a poñelas semanticamente en relación e a considerar que *galletón*, *galletoncito* veñen de *gallo*, pola actitude arrogante dalgúns rapaces.

### 3.4.2. Outras palabras fan referencia tamén a actitudes dos nenos, pero teñen orixes diversas.

O matiz despectivo e a referencia á torpeza está presente no fr. *gosse*, que se documenta a finais do século XVIII; é unha palabra dialectal de orixe descoñecida (*DELFL*, s. v. *gosse*), quizás alteración de *gonze*, tamén argótica, que significa ‘home, tipo’ (Robert, s. v. *gosse*) e procedente á súa vez do ital *gonzo* ‘torpe, zafio’ (Robert, s. v. *gonze*).

Igualmente sucede con [bɔ̃bo], documentado nun único lugar de Suíza (*ALF*, 4: 622); e que podería proceder da raíz onomatopeica *BOB*<sup>35</sup>, que expresa o movemento dos labios, de onde ‘mala cara’, ‘tontería’...; esta raíz deu numerosas palabras na Galorromania e nas linguas veciñas (*DELFL*, s. v. *bobard*)

A forma italiana *sčet* ‘fillo’ (*AIS*, 1: 45 e 58) deriva segundo Meyer-Lübke do xermánico *SLIHTS* ‘simple, sinxelo’ (*REW*, s. v. *slights*, &8026).

Do mesmo modo, o occitano *marrit* ‘malo, revoltoso’, ‘neno pequeno’, que é o participio pasado do verbo *marrir* ‘aflixir’, derivado do frâncico *MARRJAN*. Esta palabra, como xa vimos, alude ás molestias que causan os nenos desobedientes. Denomina ó neno na zona dos Alpes (Mistral, s. v. *marrit*), e atopámolo documentado nun punto de Isère (*ALF*, 3: 461).

<sup>34</sup> *pollito*, *polloncito*, *pollón*, *polloncillo*, *medio pollito*....

<sup>35</sup> Aínda que tamén podería relacionarse coa raíz *BUEB*, á que nos referiremos.

A mala conducta dos rapaces refléxase tamén no italiano *matto*<sup>36</sup> ‘tolo’, que deriva do lat. tardío MATTUS, quizás en relación con MATTUS ‘bébedo’. Do significado de ‘aloucado’ pasouse ó de ‘nenos’ (*DEI*, s. v. *matto1*). É moi frecuente, con grandes variantes, na zona norte de Italia, en especial no Piemonte, e dentro de Suíza, para designar a nenos de calquera idade (*AIS*, 1: 45 e 58).

A mesma falta de cordura da voz anterior podería estar contida na forma do italiano [mɔŋŋi(u)], presente nun punto do Piemonte designando ó ‘nenos’ e ó ‘rapaz’ (*AIS*, 1: 45 e 58); quizás sexa unha variante de *mongibello* ‘volcán’, ‘persoa impulsiva’, propiamente ‘Etna’, procedente da fusión entre *monte* e o árabe \*GABAL ‘monte’ (*DEI*, s. v. *mongibello*).

Outra característica de nenos e rapaces é a súa afección polas larpeiradas; é o que reflexa ó occitano *galavard* ‘voraz’, ‘preguiceiro’. Procede de GŪLA ‘gorxa’, ‘pescozo’, ‘boca’, que pasou por relación a significar ‘cualidade de larpeiro’ (*REW*, s. v. *gŭla*, &3910). Documentámolo designando ó neno nun punto de Bouches-du-Rhône (*ALF*, 4: 622).

A despreocupación está no portugués *gaiato* ‘rapaz’, que deriva de *gaio* ‘alegre’ + *ato*. É unha palabra que data do século XIX; procede, o mesmo que o francés *gai*, do antigo provenzal *gai* (*DLP*, s. v. *gaio e gaiato*)<sup>37</sup>. En galego documéntanse formas similares que cremos que poden estar relacionadas coas portuguesas: [galiçtə] (en Ourense, concello da Mezquita), [hayçte] (en Pontevedra, concello de Rodeiro) e [hajólɔ] (en Ourense, concello de Calvos de Randín), todos eles para nenos de 12 a 17 anos (ILGA).

3.4.3. *Palabras que se refiren a personaxes que poderíamos chamar do hampa ó que dalgún modo son comparados os rapaces desobedientes.*

Así, do xermánico BUEB ‘pillabán’ derivan na Galorromania as formas francesas [búb], [búp], [bwób], [bwóp]... (*REW*, s. v. *bueb*, &1372), que aparecen nos departamentos de fala francesa de Vosges e Haute-Saône, próximos a Alemaña. Tamén existen voces semellantes xa dentro da área xeográfica de Suíza: [bűeba], [bwéb], [bűeb], [buwěbó]... (*ALF*, 4: 622 e 623B; *AIS*, 1: 45), e tamén en zonas de Italia cercanas a Suíza: [bűoeb], [bűčep]... (*ALF*, 4: 622-623B).

No galego tivo probablemente unha evolución deste tipo *pícaro* ‘menino, rapaz’ (Xerais, s. v. *pícaro*). É unha palabra común nesta lingua, que ten un significado alleo ó dos demais romances (onde significa ‘persoa ruín ou de mala vida’). A orixe de *pícaro* é incerta, probablemente derivada de *picar* (segundo Coromines-Pascual polos traballos que a miúdo desempeñaban estas persoas: pinche de cociña, picador de touros...) e influenciado polo fr. *picard* (da Picardía) (*DCECH*, s. v. *pícaro*). En galego tomou probablemente un matiz afectivo

<sup>36</sup> e as súas variantes [mát], [mataçin], [matəlín], [matalət], [matəlót].

<sup>37</sup> Bloch-Wartburg propón para o provenzal *gai* a posibilidade de que veña do gótico \*gāheis, que se corresponde co antigo alemán *gahi* ‘impetuoso’, alemán moderno *jäh* (*DELF*, s. v. *gai*).

e acabou por chamarse así ós rapaces<sup>38</sup>. Documentábase con bastante abundancia na provincia de Lugo, tanto para nenos de ata 12 anos coma para os de 12 a 17; en Ourense e Pontevedra non se documenta, e atopámolo na provincia de A Coruña para nenos de ata 12 anos (concello de Mañón) e para rapaces de 12 a 17 (concello de Valdoviño) (ILGA).

Aparece tamén en galego a forma [huhínəs](concello de Viveiro en Lugo) e [gwáxa] (concello de San Antolín de Ibias en Asturias) (ILGA); ámbalas dúas poderían relacionarse co castelán *guaja* ‘tunante’, ‘granuxa’, palabra de procedencia xergal de orixe incerta, probablemente do mexicano *guaje* ‘tonto, bobo’ e despois ‘pillo’ (acepción que nace na forma *hacerse el guaje para engañar*), que á súa vez parece abreviatura de *guajalote* ‘pavo oriundo de América do Norte’ (DCECH, s. v. *guaja* e *guajalote*).

Tamén podemos incluír neste grupo o gal. *cativo*, que entre os seus significados tivo o de ‘infeliz, desgraciado’, ‘malvado, miserable’. Del falaremos máis adiante.

E aínda en galego documéntase *mangallón* na provincia da Coruña (concello de Boiro) para nenos de 12 a 17 anos (ILGA); procede de *mangallón* ‘persoa desproporcionada, neno grande para a súa idade’, ‘preguiceiro’, e este de *mangante* ‘ladrón, pillo, lacazán, mendigo’, que vén do xitano de raíz sánskrita MANGAR ‘mendigar, pedir’ (Xerais, s. v. *mangallón*, *mangante*, *mangar*).

Poderían te-la mesma orixe as voces [magɛlót:tə], [magɛyét:tə], que aparecen respectivamente en Tenerife e Lanzarote (ALEICAN, 2: 659), e [magɛyót], que se documenta unha vez Granada (ALEA, 5: 1349). En Canarias designan ó neno de 10 a 15 anos, e en Andalucía ó de ata 8 ou 10.

*Al.lot* é o termo usado nas Baleares para nomea-los rapaces; tivo unha evolución similar ós anteriores. Resulta do antigo *arlot*, con asimilación do grupo consonántico. *Arlot* significaba ‘home ou mozo de mala vida’, ‘vagabundo’, e tomou o significado de ‘rapaz’ a forza de aplicárllelo ós rapaces revoltosos, e xeneralizando a aplicación familiar a nenos que non son bos ou non fan todo o que deberían. É unha palabra de etimoloxía incerta<sup>39</sup> (Corom., s. v. *al.lot*).

Tamén *bergantell* ‘rapaz’ (Fabra, s. v. *bergant*) deriva de *bergant* ‘pillo’, que provén do significado que tiña de ‘home de baixa condición que forma un grupo cos demais’, ‘xornaleiro pouco cualificado que traballa en grupo’ (Corom., s. v. *bergant*).

Unha evolución similar tamén no catalán é a de *brivall* ‘neno, rapaz’ (Fabra, s. v. *brivall*), que deriva de *brivalla* ‘xente de mala vida’ (Corom., s. v. *brivalla*).

Outra palabra que evolucionou semanticamente coma estas é o cat. *canalla*, fr. *canaille* ‘conxunto de rapaces’, do que xa falamos.

<sup>38</sup> Quizás poida relacionarse co catalán *picarol* ‘cascabeliño que se lle pon ós animais’ e que se usa en expresións como *Ésser alegre com un picarol* (expresión e definición tomadas de Fabra, s. v. *picarol*).

<sup>39</sup> Spitzer supuxo que inicialmente significaba ‘membros da compañía de Herlequin’ (personaxe folklórico, o ‘Rey Herla’), Corominas sinala que recorda ó provenzal *arlerii* ‘fanfarrón’ ‘extravagante’, que propiamente quería dicir ‘o fillo de Arles del Roine’ (Corom., s. v. *al.lot*).

O francés *gamin* significou ‘nen/a que pasa o seu tempo golfeando polas rúas’ (Robert, s. v. *gamin*), del falaremos máis adiante, pero aquí interéсанos que na súa orixe está o alemán *gammel* ‘xove golfo’, ‘alegría ruidosa’ (DELF, s. v. *gamin*). Tamén o fr. *drôl*, occ. *drolle* significou nun principio ‘bribón’, ‘pillo’ (DELF, s. v. *drôle*).

En Italia son frecuentes as palabras que tiveron unha evolución deste tipo. Así, *monello* ‘pillo, bribón’, ‘rapaz da rúa’ aparece en Marche e en Lazio para designar ós nenos de calquera idade (AIS, 1: 45 e 58). É unha forma máis ben agarimosa de orixe septentrional ou derivada do lat. tardío MONNA, -ULA, termo de tenrura de orixe infantil (DEI, s. v. *monèllo*).

Tamén *guagliòne* ‘rapaz’ tivo anteriormente o significado de ‘trampeiro’, deriva do lat. GĀNEŌ, -ŌNIS ‘taberneiro’, ‘home disoluto’ (DEI, s. v. *guagliòne*). É moi abundante no Sur de Italia, sobre todo en Puglia e Campania, referíndose ó ‘rapaz’ (AIS, 1: 45 e 58), aínda que tamén designa, con menor frecuencia, ó ‘nen/a’.

*Frabutto* ‘pícaro’, ‘trampeiro’, ‘larpeiro’ só se documenta como denominación do ‘nen/a’ nun punto do Lazio (AIS, 1: 58). Procede, segundo Meyer-Lübke do fránico \*HERIALT ‘heraldo’ (REW, s. v. *herialt*, &4115b). Debe facer referencia ó carácter picaresco destes personaxes.

A voz [tabák], documentada nun punto de Emilia-Romagna referíndose ó ‘rapaz’ (AIS, 1: 45)), podería ser unha variante de *tabacchino* ‘nen/a nacido na maternidade’ e ‘rufián’ (DEI, s. v. *tabacchino*), ‘home que fai a corte a tódalas mulleres’. Este último significado, como probablemente tamén os de *tabaccare* ‘atraer agradablemente’ e *attabaccarsi* ‘namorarse’ (DELI, s. v. *tabaco*), débense a que *tabacco*, procedente do árabe TUBBAQ, tiña o significado de ‘medicina aromática’, e designaba en Italia e España a plantas que mareaban ou adormecían (DCECH, s. v. *tabaco*).

*Bardasso*, presente na zona central de Italia (Marche, Umbría, Abruzzo) (AIS, 1: 45 e 58), ten actualmente o sentido literario despectivo de ‘xove homosexual que se prostitúe’ ‘rapacete’ (en sentido despectivo), aínda que dialectalmente significa ‘rapaciño’ (Zing., s. v. *bardassa*). Provéñ do árabe BARDAĠ ‘prisioneira de guerra, escrava branca’, derivado do persa BARDAĠĀN ‘escravo’ (DEI, s. v. *bardassa*).

En friulano tivo unha evolución similar [škaveθ] para ó ‘nen/a de 10 a 12 anos’ e [šcaveθt] para ‘rapaz de 15-16 anos’ (ASLEF, 3: 1907, 1909), documentados só unha vez cada un. Poderían ser unha variante de *scavezzacollo*, que significa propiamente ‘caída’, ‘mala cabeza’, ‘calaveira’. Procede de *scavezzare* ‘romper’ e *collo* ‘pescozo’ (DEI, s. v. *scavezzacollo*).

En romanés tivo unha evolución deste tipo *puști*, familiarmente ‘nen/a, pillo, mocete’ (DRE, s. v. *pusti*), que antigamente significaba ‘maricón, sodomita’. En sentido ofensivo perdeuse case por completo na lingua actual. Del derivan *puștan* ‘mozo, rapaz’, *puștancă*, ‘moza’, etc. (DER, s. v. *puști*).

### 3.5. Palabras que indican un estado de inferioridade física, social, ou moral.

#### 3.5.1. Palabras que indican inferioridade social.

É bastante común que a evolución semántica pase pola etapa en que a palabra significa ‘criado, axudante’ (xa o vimos no lat. PUER, que ás veces significaba ‘xove escravo’). Isto débese quizás a que os axudantes, criados, etc. eran normalmente mozos, ou a que sendo inferiores ós seus amos eran vistos como tales.

Xa falamos de *fante*, *infante* e *fanciullo* e tamén de *mioche* e de *bardasso*.

Do cat. *minyò*, do que xa falamos tamén, podemos aínda dicir que aparece xa a miúdo nos textos clásicos medievais cataláns referíndose sempre a un neno ou a un rapaz máis ou menos modesto e desamparado que presta servizo e que como consecuencia é mirado con menosprecio e conmisericordia benévola (Corom., s. v. *minyò*).

Do grego BOTER ‘vaqueiro’ proceden, como sinala Meyer-Lübke (*REW*, s. v. *boter*, &1231), as voces italianas *buttero* ‘vaqueiro’ e *utero* ‘mozo, asistente’, que se documentan designando ó ‘nenno’ de calquera idade en Toscana e no Lazio respectivamente, aínda que de maneira moi esporádica (*AIS*, 1: 45 e 58).

Tamén a voz italiana *ragazzo* ‘nenno’, ‘rapaz’, de etimoloxía descoñecida, significaba primitivamente ‘servo’, e neste sentido pasou ó provenzal *ragàs* (*DEI*, s. v. *ragazzo*). Normalmente acéptase que vén do árabe RAQQĀṢ ‘correo que leva as cartas e conduce os viaxeiros’, ‘mensaxeiro’<sup>40</sup> (*DELI*, s. v. *ragazzo*). Presenta variacións fonéticas no Norte e Centro de Italia<sup>41</sup>. Documentase tamén en corso *ragazzu* nun único punto (*ALF* Corse: 728), e en friul. [regaθ], [ragaṣet] (*ASLEF*, 3: 1907, 1909).

Formalmente podería corresponderse co cast. gal. port. *rapaz*. É unha voz moi arraigada no galego, no portugués e nas falas leonesas, onde non ten ningún matiz peyorativo como sucede no castelán, onde na Idade Media significaba ‘lacaio’, ‘criado’, ‘escudeiriño’, cun sentido fortemente despectivo, e logo xa nos clásicos pasou a significar ‘adolescente’. A etimoloxía de *rapaz* podería se-la mesma cá do adxectivo *rapaz*, isto é de RAPAX, -ĀCIS ‘que leva, que arrebatá’ (*DCECH*, s. v. *rapaz*). Documentanse en Andalucía (en Cádiz e Málaga) derivados desta palabra para designar a xoves de 10 a 15 anos: *rapagoncito*, *rapagoncete*, *rapagón* (*ALEA*, 5: 1350. En portugués, onde tamén aparece a forma *raparigo*, é moito máis abundante. En galego designa en xeral ós rapaces de 12 a 17 anos, pero en moitas ocasións refírese tamén ós maiores de 6; é xeral a toda Galicia e ás zonas fronteirizas de León, Zamora e Asturias, en Lugo designa case exclusivamente ós maiores de 12; tamén designa ás veces a mozos maiores de 17 anos en toda Galicia; presenta numerosas variantes: *rapasote*, *rapacín*, *rapacete*... (*ILGA*).

<sup>40</sup> Aínda que se propuxeron outras etimoloxías: que deriva de RADICARE ‘rasurar’, de RADICA ‘raíz’, de \*ERGATIUS ‘traballador’, de AUREGAX ‘auriga’, ou do radical RAK/RAG ‘pequeno’ (*DELI*, s. v. *ragazzo*)

<sup>41</sup> Designando ó ‘nenno’ aparece escasamente en Liguria, Toscana y Marche, é máis abundante en Emilia-Romagna. Designando ó ‘rapaz’ documéntase brevemente en Lombardía, Umbria e Lazio, e é máis frecuente en Emilia-Romagna, Toscana e Marche (*AIS*, 1: 45 e 58).

O fr. *garçon* tivo unha evolución similar. Probablemente proceda do fránico \**wrakjo* ‘loitador, vagabundo’, é o antigo caso réxime do que o suxeito *gars* quedou na lingua popular e provincial. Na Idade Media significaba ‘home de baixa condición, criado’. Do significado de ‘criado’ deriva hoxe o de ‘empregado subalterno’, usual a partir do século XVII. O sentido de ‘rapaz do sexo masculino’ non aparece ata o século XVI (*DELFL*, s. v. *garçon*). *Gars* e *Garçon* son as formas máis estendidas por toda a zona de fala francesa (*ALF*, 4: 622 B, 623 B). Tamén se atopa no occitano *garçoun* (*ALF*, 4: 622 e 623 A e B), probablemente préstamo do francés do norte<sup>42</sup>. En gascón atópanse [gársü] e en franco-provenzal [gǎεð], [gársō], [gǎεð] (*ALF*, 4: 622 e 623 A e B). Como formas derivadas en occitano documéntanse [gársüně] nun punto de Vaucluse, e [gársúnět] en franco provenzal (*ALF*, 4: 623 B). Na Italo-romania o ital. *garzone* ‘rapaz’ documéntase escasamente na parte Norte, no Piemonte e en Liguria, áreas próximas a Francia (*AIS*, 1: 45). En friul. [garʃón] só aparece unha vez, designando ó neno de 10 a 12 anos (*ASLEF*, 3: 1907).

Tamén no francés úsase a palabra *gamin*, de orixe dialectal, que aparece documentado por primeira vez na *Encyclopédie* co significado de ‘rapaz que axuda a un fabricante de vidro’. Está vivo sobre todo nos falantes do Leste que o tomaron probablemente do alemán *gammel* ‘alegría moi viva’, ‘xove desgarbado’, ‘pillo’, que vive nas falas limítrofes ó francés e que tería sido afrancesado co sufixo *-in* (*DELFL*, s. v. *gamin*). Documéntase principalmente en Bélxica, e en puntos do Nordeste de Francia (*ALF*, 4: 622-623B).

Menos frecuente é o francés *valet*, actualmente ‘criado’, ‘servente’. Provéen de \*VASSELLITTUS, dobre diminutivo do celta VASSO, que está tamén na base de *vassal*. Significou primeiramente ‘xove noble escudeiro ó servizo dun señor’, acepción da que derivou a de ‘rapaz novo’, frecuente na Idade Media (*DELFL*, s. v. *valet*). Neste caso o significado moderno de ‘criado’ desenvolveuse posteriormente. Documéntase co significado de ‘neno’ na área belga, e tamén aparece en Suíza (*ALF*, 4: 622 e 623B).

Un concepto similar atópase na orixe do cat. *gojat*, que é común ó languedociano, gascón antigo e moderno (*goja*, *goujo* ‘nena’, *goujat*, *goujard* ‘neno’) e a algunhas falas francesas<sup>43</sup>. Deriva como xa dixemos do seu feminino *goja* ‘fada’, de orixe descoñecida, pero que probablemente veña do hebreo moderno *goia* ‘criada non xudía’ (Corom., s. v. *goja*).

De MANCIPUM ‘escravo’ deriva a forma gascona *mancipoun* documentada nun punto de Arriège (*ALF*, 3: 461). Do mesmo étimo procede o castelán *mancebo*, que primeiro significou ‘criado’ e logo ‘rapaz’; en occitano *mancip* significa aínda ‘criado’<sup>44</sup> (Levy, s. v. *mancip*).

<sup>42</sup> Quizás o portugués *garoto* estea relacionado co francés *garçon*; a unha base *gar* teríase engadido o sufixo *-oto* (Machado, s. v. *garoto*).

<sup>43</sup> Aparece *goujard*, *goujat* na zona Sur: Arriège, Aude, Tam (*ALF*, 3: 461, *ALF*, 4: 622 e 623A); escasamente atopamos *goujat* en gascón, nos departamentos de Lot-et-Garonne, Tam-et-Garonne e Gironde (*ALF*, 4: 622 e 623A).

<sup>44</sup> Mistral (s. v. *mancip*) dálle o significado de ‘rapaz’, ‘adolescente’ no Languedoc.

Actualmente ocorre o mesmo co cast. *mozo* e *muchacha*, que evolucionaron ata chegar a significar en determinados contextos ‘criado/a’. Tamén o galego *pícaro* podería ter significado ‘pinche de cocíña’ (DCECH, s. v. *pícaro*)<sup>45</sup>.

A orixe do ital. *bagascia* ‘meretriz’ recolle tamén este concepto. Procede presumiblemente dunha base \*BAGASSA ou \*BACASSA ‘criada’, que podería ser un resto do substrato ligur-ibérico (DEI, s. v. *bagascia*). Utilízase como denominación do ‘nenó’ de calquera idade en Lombardía (AIS, 1: 45 e 58).

En siciliano xa falamos de *caruso*, que tamén presenta o significado de criado.

No romanés existe *voinic*, que antigamente significaba ‘guerreiro, soldado’ e hoxe ‘xove, mozo’ (e tamén ‘valente, forte’). Procede do eslavo *vojniku* ou do búlgaro, serbio, eslovaco *vojník* (DER, s. v. *voinic*). Tamén o romanés *fecior*, do que xa falamos, ten como significado o de ‘criado, camareiro...’ (DSLRL, s. v. *fecior*).

### 3.5.2. Palabras que indican inferioridade moral e social:

Neste grupo inclúense as palabras que nalgún momento da súa evolución ou na súa orixe significaron ‘fillo ilexítimo’:

Así o cat. *bordegàs*, que significa etimoloxicamente ‘fillo bastardo’ (deriva de *bord* ‘bastardo’, e este, á súa vez, de BURDUS ‘mulo’ e máis tarde ‘bastardo’); e nalgunhas zonas conserva este significado pero noutras pasou a significar ‘rapaz’ (Corom., s. v. *bord I*). Da mesma orixe é a voz *bordello* ‘rapaz’ en Emilia-Romagna e Marche (AIS, 1: 45 e 58).

É un caso similar ó friul. *mulo* ‘rapaz’ (ASLEF, 3: 1907, 1909) derivado de MŪLUS ‘mulo’, que inicialmente significou ‘bastardo’ e que hoxe se refire ós nenos de 10 ou 16 anos (DEI, s. v. *mulo2*).

O mesmo sucede co rom. *copil*, e o seu derivado *copilandru*, que significou ‘fillo ilexítimo, bastardo’ ata o século XVIII en que perde este sentido, e así, xa no século XIX, no *Codul Calimachi* (1817) é preciso precisar: *copil bastard*, *copil legiuit*, *copil nelegiuit* (Coteanu, p. 86<sup>46</sup>). A orixe desta palabra, presente en tódolos idiomas balcánicos, non se explica por medio de ningún idioma coñecido, e a súa extensión xeográfica non permite supor un punto de partida; por outra parte o -o átono e o l final (antes intervocálico) non permiten buscar un étimo no fondo latino, senón cando máis, no expresivo (DER, s. v. *copil*).

Quizás este grupo e o 3.4.3 non se poidan separar, xa que non é imposible que a evolución semántica pasara de ‘bastardo’ empregado como un insulto, a ‘persoa indeseable’ e de aí a ‘bribón’ e a ‘rapaz desobediente’ antes de chegar a ‘rapaz’.

<sup>45</sup> A forma [wátər], presente unicamente no Piemonte e referida a ‘nenó’ de tódalas idades (AIS, 1: 45 e 58) podería corresponder ó italiano *guattero* ‘marmitón, pinche’, procedente do lombardo \*WAHTĀRI ‘gardían’, ‘xefe de cocíña’ (DEI, s. v. *guattero*).

<sup>46</sup> A orixe de *copil*, existente tamén no servocroata e no búlgaro, presenta problemas. Parece que a súa orixe está no lat. COPA ‘taberneira’, a través dun diminutivo \*COPELLA, ou quizás no lat. CUPELLA ‘cunco pequeno’, diminutivo de CŪPA ‘cuba’, que por asociación obscena convertiríase en ‘prostituta’, e de aí ‘fillo ilexítimo’ (ver unha máis extensa explicación en Coteanu, pp. 79-88).

Tamén expresa unha certa marxinação, neste caso relixiosa, a voz *moro*, documentada unha vez en Granada co significado de ‘bebé’ (ALEA, 5: 1346). Esta palabra aplicouse a tódolos mahometanos e de aí pasou a significar ‘pagán’, ‘non bautizado’ (DCECH, s. v. *moro*), quizás por eso se aplica ós recién nados.

### 3.5.3. Palabras que indican inferioridade “físico-intelectual”

O gal. *cativo* ‘nenó’ expresa tanto inferioridade física como intelectual. Tivo unha evolución semántica singular, pois procede do lat. CAPTIVUM ‘preso’, de onde ‘desgraciado’ e, por influencia do cristianismo, ‘malo’, ‘ruín’ (DCECH, s. v. *cautivo*). Para chegar ó significado actual de ‘rapaz que non chega á adolescencia’ pasouse probablemente pola evolución ‘malo-ruín: malo-de pouca calidade: desprezable: pequeno’ e de aquí a ‘nenó’. De feito *cativo* ten aínda todos estes significados. Documentábase para nenos de ata 12 anos con bastante frecuencia na zona nordeste da provincia de A Coruña, por distintos lugares de Lugo, e nos concellos de Borobás, Avión e Montederramo na provincia de Ourense; tamén se documenta en zonas fronteirizas de Asturias (concello de A Veiga) (ILGA).<sup>47</sup>

Neste grupo podemos incluí-los diminutivos de termos que por sí mesmos non designan ós nenos; así en castelán existe a forma *hombrito*, *hombrote*, *medio hombrito* e *medio hombre*<sup>48</sup>, presentes todas en Canarias e a última tamén en Andalucía (ALECAN, 2: 659 e ALEA 5: 1350), que proceden do lat. HOMO. E tamén *mayorcico*, documentada en Teruel (ALEANR, 8: 1093), que procede do lat. MAJOR, comparativo de MAGNUS ‘grande’.

Xa fóra da Iberorromania temos o occitano *paurot*, propiamente ‘pobriño’, documentado como designación do neno unicamente en Arriège (ALF, 4: 623A)<sup>49</sup>, e que procede do lat. PAUPER. Probablemente aluda á falta de forza en comparación cos adultos.

## CONCLUSIÓNS

No estudio das denominacións románicas dos individuos non adultos chama sobre todo a atención a grande cantidade de termos que existen e a variedade dentro de cada lingua. Do latín ata hoxe o léxico deste campo renovouse e multiplicouse. Só INFANS e IUVENIS se conservaron, e de modo desigual, na romania. INFANS pervive no francés *enfant* e deixou tamén restos en italiano, friulano..., nas demais linguas, se se conserva, é baixo unha forma culta (ex. cat. *infant*, port. *infante*) e con significado diferente (ex. cast. *infante*). IUVENIS, a pesar de conservarse en toda a Romania non parece ser unha palabra moi popular (como substantivo) e a penas se reflexa nos atlas que consultamos. Do resto de termos latinos só

<sup>47</sup> En Italia existen tamén formas do tipo [kwatrârə], [kwatrânə], e [kotrârú], moi abundantes no Sur, para designalo ‘nenó’ e o ‘rapaz’ (AIS, 1: 45 e 58). Meyer-Lübke propón que derivan de QUADRUS ‘cuadrangular’ (REW, s. v. *quadrus*, &6921). Quizás podería vir de QUATTUOR ‘catro’, que en italiano deu *quattro*, palabra moi usada para indicar unha cantidade pequena (a pouca importancia), do mesmo modo que *quattirino* ‘cantidade mínima de cartos’.

<sup>48</sup> En galego documentábase *medio moso* ‘rapaz de 12 a 17 anos’ no concello de Ribeira (provincia da Coruña) (ILGA).

<sup>49</sup> Mistral (Mistral, s. v. *paurot*) recolle o significado de ‘pobre rapaz’, ‘pobriño’.

PARVULUS e PUTUS deixaron algún resto; o primeiro deu no italiano *pargolo*, hoxe arcaísmo, e no occitano *parvol*, quizás préstamo do anterior; o segundo consérvase de modo illado e rexional en italiano e friulano. Podemos dicir que o léxico latino deste campo perdeuse case por completo, aínda que a miúdo foi retomado en época tardía en cultismos e neoloxismos, en especial: INFANS, PUER, PARVULUS e ADULESCENS.

O léxico foi, sen embargo, renovado e as formas multiplicáronse. Neste traballo puídemos contabilizar máis dunha centena de étimos diferentes e infinidade de variantes de moitos deles. Ás veces acudiuse a préstamos de linguas non latinas (cast. *zagal*, *chaval*), pero en xeral non se saíu do ámbito románico para conseguir novos termos.

Dentro da enorme variedade que presenta este campo atópanse semellanzas que nos permitiron facer unha ordenación instrumental dos datos.

Para os máis pequenos abundan as expresións onomatopeicas que reproducen os sons que emiten os recién nacidos (cat. *nyec*), os primeiros balbucidos (ital. *bambino*, *bimbo*, fr. *môme*...), as voces coas que as nais arrolan ós seus fillos (cast. *rorro*, *niño*..., etc).

Con frecuencia alúdese ás características fisiolóxicas da idade infantil: ó nacemento (cat. *nadon*, rom. *făt*, *fecior*, ital. e friul. [frôt]...), á lactancia (port. *criança*, fr. *nourrison*, rom. *suga*, ital. *mammolo*...), á alimentación e ós cuidados que precisan (occ. *mainatge*, rom. *băiat*, gal. *pipiolo*...), a outras características físicas (ital. de Veneto *müt* ‘que non fala’, cat. *caganer* e fr. pop. *chiard* ‘que caga a miúdo’...).

Un grupo moi amplo de palabras describen fisicamente ós nenos. Dentro deles destacan termos que poderían funcionar como adxectivos, xa que indican cualidades da etapa infantil. Atopamos sobre todo palabras que fan referencia á característica física máis evidente: a pequenez (cast. *pequeño*, fr. *petit*, ital. *piccolo*, *piccino*, rom. *pici*... cast. *chico*, cat. *xic*, *xiquet*...); pero tamén se alude á delicadeza (rom. *tînăr*), á gordura (fr. *mouflet*) ou á delgadez (gal. [espixotə]).

Dentro do grupo de palabras que describen os nenos e rapaces chaman a atención as que se refiren ós cabelos, ó costume de rapárllle-lo pelo ós rapaces ata certa idade: cast. *mozo*, *muchacho*, *motrilón*, ital. rexional *tosso*, siciliano *carusu*, sardo *piloso*...

Tamén se refiren ó seu aspecto as palabras que os comparan a seres de pouca estatura, a miúdo da fantasía (rom. *prichindel*, fr. *drôl*), a personaxes das lendas (cat. *gojat*); e tamén os que fan referencia á gordura comparándoos a cachos de touciño (fr. popular *lardon*), a bolliñas ou a migallas de pan (fr. *mioche*, rom. *cocon*), a bochas de xabón (ital. *bòcia*), a cascallos (gal. *casquete*).

Outro grupo moi amplo alude á personalidade dos rapaces, a características, a miúdo negativas, da infancia. Dentro deste grupo destaca a grande cantidade de nomes de animais ós que son comparados os nenos: ós torpes movementos do mono (franc. *marmot*), á falta de elegancia do sapo (fr. familiar *crapaud*), á fame desmesurada do lobo (fr. popular *loupilot*), ós estragos producidos polos gorrións (cast. *pardal*), á improproductividade do zángano (cast.

rexional *zanguango*), ás molestias das avespas (cast. de Málaga [taβerɔtə]), á suciedade do coche (gascón *coche*), á terquedade dos carneiros (franco-provenzal *aret*), á arrogancia de polos e galos (cast. rexional *galletón, pollo*), etc.

Pero a alusión a estas características faise tamén por medio doutras palabras: a torpeza está na base do fr. *gonze*, do ital. *scet*; a malicia no occ. *marrit*; a gula no occ. *galavard*; a falta de cordura no italiano *matto*, [mɔnʃi(u)]; a alegría e despreocupación no port. *gaiato*...

A referencia á mala conducta dos rapaces faise tamén con comparacións con personaxes marxinais ou de pouca consideración. Destacan os que se refiren a “seres da hampa”: pillos, vagabundos, maleantes, rufiáns (fr. rexional [bʁ̥ɪb], gal. *pícaro, cativo*, cat. *al.lot, brivall, bergant*, fr. *gamin*, italiano rexional [tabak], *bardasso, monello, fabrutto* etc.).

Aínda que en moitas das palabras deste campo haxa un matiz pexorativo máis ou menos evidente, hai un grupo de palabras que expresa un estado de inferioridade. A inferioridade pode ser de tipo social no caso das palabras que na súa evolución semántica designaron nalgún momento os criados ou obreiros: ital. *fante, fanciullo, ragazzo, bagassia, buttero*..., fr. *mioche, garçon, gamin, valet* (rexional)...cat. *minyò, gojat*..., cast. *muchacho, mozo*.... Tamén pode tratarse de inferioridade moral, e como consecuencia social; esto é o que sucede co grupo de palabras que na súa orixe tivo o significado de bastardo: cat. *bordegás*, rom. *copil*, friul. *mulo*; e tamén a voz *moro* que alude á etapa pre-bautismal. Finalmente, un pequeno e heteroxéneo grupo de palabras manifesta unha certa inferioridade físico-intelectual; en castelán, en contraste cos *hombres*, ós rapaces chámaselles *hombritos, medio hombres, medio hombritos*..., en gal. emprégase *cativo*, que aínda hoxe significa ‘malo, de pouca calidade, pequeno...’, e en occitano aplícaselles o termo *paurot*, con toda a conmisericordia que conleva.

Estes grupos ou eixos que vimos de establecer non son ríxidos, moitas palabras poderían pertencer a varios polas variacións que o seu significado sufriu ó longo da historia (cfr. gal. *pícaro*, fra. *gamin*, cast. *mozo*, etc). Por outro lado esta división non é a única e o seu único fin é de permitir unha exposición organizada dos datos.

Poderíamos tamén facer unha clasificación atendendo ás “motivacións” ou á “intención” por un lado, e ós procedementos usados por outro. Atopámonos así con palabras que reflexan a afectividade de quen as emprega, palabras que teñen un certo matiz despectivo, e palabras insultantes ou ofensivas. Atendendo ós procedementos de creación poderíamos citar as onomatopeias, as palabras descritivas, e as comparativas ou metafóricas.

## BIBLIOGRAFIA

- Alcover, A. M. - Moll, F. de B.: *Diccionari català-valencià-balear*, Editorial Moll, Palma de Mallorca, 1968 (2a edició). (=Alcover-Moll)
- Alibert, L.: *Dictionnaire occitan-français d'après les parlers languedociens*, Institut d'études occitanes, Toulouse, 1966. (=Alibert)
- Battisti, C. - Alessio, G.: *Dizionario Etimologico Italiano*, G. Barbera Editore, Firenze, 1975. 5 t. (=DEI)
- Blánquez Fraile, A.: *Diccionario Latino-Español, Español-Latino*, Ed. Ramón Sopena. Barcelona, 1988. 2 vol. (=Blánquez)
- Bloch, O - Wartburg, W. von: *Dictionnaire étymologique de la langue française*, Presses Universitaires de France, Paris, 1989. (=DELF)
- Calciu, A. - Duhaneanu, C. - Munteanu, D.: *Dictionar Roman-spaniol*, Editura stiintifica si enciclopedica, Bucuresti, 1979. (=DRE)
- Carbonell, S.: *Dizionario fraseologico completo italiano-spagnolo e spagnolo-italiano*, Ulrico Huepli Editore S. P. A., Milano, 1984. (=Carbonell)
- Cioranescu, A.: *Diccionario Etimológico Rumano*, Biblioteca Filológica, Editorial Gredos, Madrid, 1966. (=DER)
- Coromines, J.: *Diccionari Etimològic i complementari de la llengua Catalana*, Curial Edicions Catalanes, Barcelona, 1983. 9 t. (=Corom.)
- Coromines, J. - Pascual, J. A.: *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*, Ed. Gredos, Madrid, 1980. (=DCECH)
- Cortelazzo, M. - Zolli, P.: *Dizionario etimologico della lingua italiana*, Nicola Zanichelli S.p.A. Editore. Bologna, 1992. 5t. (=DELI)
- Costa, J. Almeida - Melo, A. Sampaio E.: *Dicionário da língua portuguesa*, Porto Editora, Porto, 1989. (=DLP)
- Costinescu, M. - Georgescu, M. - Zgraon, F.: *Dictionorul limbii române literare vechi (1640-1780). Termini regionali*. Editura Stiintifică si enciclopedică. Bucuresti, 1987.
- Coteanu, I. - Sala, M.: *Etimologia si limba română. Principii probleme*. Editura Academiei Republicii socialiste România, Bucuresti, 1987. (=Coteanu)
- Devoto, G.: *Avviamento alla etimologia italiana. Dizionario etimologico*, Felice le Monnier, Firenze, 1968. (=Devoto)
- Diccionario ilustrado latino-español español-latino*, prólogo de Don Vicente García de Diego, Bibliograf, S.A., Barcelona, 1972<sup>o</sup>. (=DILEEL)
- Dictionarul Limbii Româna (DLR)*, Editura Academiei Republicii Socialiste România, Bucuresti, 1980-1987 (tomul VIII, partea A 4a, litera p; t. VIII, partea A 5a, litera p; t. X, partea A, 2a, litera s; t. XI, partea A 2a, litera t; t. XI, partea A, 3a, litera t.) (=DLR)
- Ernout, A. - Meillet, A.: *Dictionnaire Etymologique de la langue latine. Histoire des mots*. Editions Klincksieck, Paris, 1985. (=DELL)
- Fabra, P.: *Diccionari General de la Llengua Catalana. Revisat i ampliat per Josep Miracle*, Edhasa, Barcelona, 1988. (=Fabra)
- Faluccci, F. D.: *Vocabolario dei dialetti de la Corsica*, Licosa reprints, Firenze, 1972. (=Faluccci)
- Levitichi, L. - Bantas, A.: *English-Romanian Dictionary*, Editura Stiintifica si enciclopedica, Bucuresti, 1984.
- Levy, E.: *Petit dictionnaire Provençal-Français*, Culture provençale et méridionale Marcel Petit, Raphèle-les-Arles, 1991. (Levy)

- Machado, J.-P.: *Dicionario Etimológico da lingua Portuguesa com a mais antiga documentação escrita e conhecida de muitos dos vocábulos estudados*, Livros horizonte, Lisboa, 1977. 2 t. (=Machado)
- Meyer-Lübke, W. von: *Romanisches Etymologisches Wörterborch*, Carl Winter Universitätsverlag, Heidelberg, 1972. (=REW)
- Mistral, F.: *Lou Tresor dóu Felibrige ou dictionnaire provençal-français, embrassant les divers dialectes de la langue d'oc moderne.*, Osnabrück, Biblio-verlag, 1966. (=Mistral)
- Moliner, Maria, *Diccionario de uso del español*, Editorial Gredos, Madrid, 1989. 2 tomos. (=Moliner)
- Pelay, S., *Dictionnaire du béarnais et du gascon modernes*, CNRS, Paris, 1961. (=Pelay)
- Piccitto, G.: (a cura di), *Vocabolario siciliano*, Centro di studi filologici e linguistici, Catania- Palermo, 1977. (=Piccitto)
- Robert, P.: *Le Petit Robert. Dictionnaire alphabétique et analogique de la Langue Française, Nouvelle édition revue, corrigée et mise au jour*, Dictionnaires Le Robert, Paris, 1987. (=Robert)
- Seche, L. - Seche, M.: *Dictionaru de sinonime al limbii Române*, Editura Academiei Republicii Socialiste România, Bucaresti, 1982. (=DSLRL)
- Tohäneanu, G.-I.: *Cuvinte românești*. Editura Facla, Timisoara, 1986.
- Wagner, M. L.: *Dizionario etimologico sardo*, Carl Winter Universitätsverlag, Heidelberg, 1964. (=Wagner)
- Zingarelli, N.: *Il nuovo Zingarelli. Vocabolario della lingua italiana. Undicesima edizione a cura di Miro Dogliotti e Luigi Rosiello*. Nicola Zanichelli, Bologna, 1990. (=Zing.)

## ATLAS LINGÜÍSTICOS

- Alvar, M.: *Atlas Lingüístico y etnográfico de Andalucía*, CSIC, Universidad de Granada, 1961, Volumen 5, mapas 1346, 1349, 1350 (=ALEA)
- Alvar, M.: *Atlas lingüístico y etnográfico de las Islas Canarias*, Cabildo Insular de Gran Canaria, 1978. Volumen 2, mapa 658, 659 (=ALEICAN)
- Alvar, M.: *Atlas lingüístico y etnográfico de Aragón, Navarra y Rioja*, CSIC, Institución Fernando el Católico, Zaragoza, 1979. Volumen 8, mapas 1091, 1092, 1093 (=ALEANR)
- Battista Pellegrini, G.: *Atlante storico-lingüístico-etnografico friulano*, Instituto di Glottologia e Fonetica dell' Università di Padova, 1974. Volumen 3, tav. 422, concetti 1843; tav. 427, conc. 1903, 1906, 1907; tav. 429, conc. 1909 (=ASLEF)
- Gilliéron, J. - Edmont, E.: *Atlas linguistique de la France. Corse*, Champion, Paris, 1914. Mapas 728 e 729. (=ALF Corse)
- Gilliéron, J. - Edmont, E.: *Atlas linguistique de la France*, Honoré Champion, París, 1902. Volumen 3, mapa 461; volumen 4, mapa 622, 663 A e B (=ALF)
- Griera, A.: *Atlas lingüístico y etnográfico de Catalunya*, Ed. Poligraf S. A., Barcelona, 2a edición, 1968. Volumen 3, mapa 583 (=ALC)
- Jabert, K. - Jud, J.: *Sprach und sachatlas italiens und der sudscweiz*, Kraus Reprint, Nendeln / Liechtenstein, 1971. Volumen 1, mapas 45, 58 (=AIS)
- Materiais inéditos do Instituto da Lingua Galega para a confección do Atlas lingüístico galego (=ILGA)

## INDICE DE PALABRAS

- ađđevu, 3.1.2  
 adolescente, 1.1  
 al.ot, 3.4.3  
 aret, 3.4.1  
 bagascia, 3.5.1  
 băiat, băietăn..., 3.1.2  
 bambin, 2.2  
 bambino, bámbolo 2.2  
 bardasso, 3.4.3, 3.5.1  
 bebé, 2.2  
 bergantell, 3.4.3  
 bimbo 2.2  
 [bóbò], 3.4.2  
 bòcia, 3.3.2  
 bordegàs, 3.5.2  
 bordello, 3.5.2  
 bot, 1.1  
 brivall, 3.4.3  
 [búb], [bwóp]..., 3.4.3  
 buttero, uttero, 3.5.1  
 caganer, 3.1.3  
 cagón, 3.1.3  
 canaia, 3.4.1  
 canaille, 3.4.1  
 canalla, 3.4.1, 3.4.3  
 carusu, 3.3.1C, 3.5.1  
 casquete, 3.3.2  
 cativo, 3.5.3  
 cıtto, 3.3.1A  
 cocon(ni), 3.3.2  
 coche, 3.4.1  
 copil, copilandru, 3.5.2  
 crapaud, crapoussin, 3.4.1  
 criança, 3.1.2  
 criançò, 3.1.2  
 criatura, 3.1.2  
 crío, 3.1.2  
 chaval, -ito, -ote..., 1.2  
 chavea, 1.2 n.8  
 chiard, 3.1.3  
 chico, 3.3.1A  
 dănăc, 3.4.1  
 dancin, 3.4.1  
 [dón], [dún], 3.2  
 drôle 3.3.2, 3.4.3  
 drolle, 3.3.2, 3.4.3  
 enfant, 1.1  
 [espixotə], 3.3.1B  
 fancello, 1.1  
 fanciullo, 1.1, 3.5.1  
 [fantačút], 1.1  
 [fantaśín], 1.1  
 [fantát], 1.1  
 fante, 1.1, 3.5.1  
 [fantulin] 1.1  
 făt, 3.1.1  
 fecior, 3.1.1, 3.5.1  
 figlio, 1.1  
 figliolo, 1.1  
 fils, 1.1  
 fillet, 1.1  
 fiű, 1.1  
 [fivol], 1.1  
 flăcău, 3.1.1  
 frabutto, 3.4.3  
 [frut, -in, -at...] 3.1.1  
 gaiato, 3.4.2  
 galavard, 3.4.1, 3.4.2  
 [galiótə], [hayote] 3.4.2  
 galletón, -cito, 3.4.1  
 gamin, 3.4.3, 3.5.1  
 garçoun, 3.5.1  
 garoto, 3.5.1 n.42  
 gars, garçon, 3.5.1  
 [gársúnét], 3.5.1  
 [gársü], 3.5.1  
 gojat, 3.3.2, 3.5.1  
 gosse, 3.4.2  
 goujat..., 3.3.2, 3.5.1  
 govenotello, 1.1  
 guaglione, 3.4.3  
 hombrito, -ote 3.5.3  
 [huahin], [gwax ], 3.4.3  
 infant, 1.1  
 infante, 1.1, 3.5.1  
 jouvent, 1.1  
 jovem, 1.1  
 joven, -(c)ino, -(c)ito, 1.1  
 june òme, 1.1  
 [ʃuvinút], 1.1  
 [karçc], 3.2  
 [kanaɨ], [kanaút], 3.4.1  
 [kõtráru]..., 3.5.3 n.47  
 lanetón, 3.3.1C  
 lardon, 3.3.2  
 loupiot, 3.4.1  
 machote, 3.2  
 [magv̥lo:tə], [magv̥jó], 3.4.3  
 mainat, meimage, 3.1.2  
 mainatjon, 3.1.2  
 [mãlé], 3.2  
 mammolo, 3.1.2  
 mancip, 3.5.1  
 mancipoun, 3.5.1  
 mangallón, 3.4.3  
 marmocchio, 3.4.1  
 marmot, 3.4.1  
 marrit, 3.4.2  
 masciu, maschju, 3.2  
 masnà 3.1.2  
 matto, 3.4.2  
 maynat, maynada, 3.1.2  
 mayorcito, 3.5.3  
 medio hombre, -ito, 3.5.3  
 medio moso 3.5.3, n.48  
 medio mozo, 3.3.1 n.29  
 medio pollito, 3.4.1 n.34  
 menino, 2.3  
 meniño, 2.3  
 minyó, 2.3, 3.5.1  
 mioche, 3.3.2, 3.5.1  
 moço, 3.3.1C, 3.5.1  
 môme, 2.2  
 mon petit hilh, 1.1  
 monello, 3.4.3  
 [mõŋgju], 3.4.2  
 moro, 3.5.2

- mosso, mosset, 3.3.1C  
 motrilón, 3.3.1C  
 mouflet, 3.3.1B  
 moujingue, 3.3.1C n.28  
 moutard, 3.3.1C  
 mozo, mocete, 3.3.1C, 3.5.1  
 muchacho, -ito... 3.3.1C  
 mulo, 3.5.2  
 müt, 3.1.3  
 nadò, 3.1.1  
 [nãré], 2.1  
 [nã], 2.1  
 nen, 2.3  
 nené, 2,3  
 nenho, 2,3  
 neno, -ín, -iño, 2,3  
 nin, 2,3  
 nino, 2,3  
 ninoi, 2,3  
 niño, 2,3  
 niño chico, 2,3 n.12  
 niño de mantilla, 2,3 n.12  
 niño de pañales, 2,3 n.12  
 niño de teta, 2,3 n.12  
 nodrissó, 3.1.2  
 noi, 2,3  
 nou nascüt, 3.1.1 n.15  
 nourrison, 3.1.2  
 nouveau né, 3.1.1 n.15  
 nyec, 2.1  
 pardal, pardalote, 3.4.1  
 pargolo, 1.1  
 pãrvi, 1.1  
 parviot, 1.1  
 parvol, 1.1  
 paurot, 3.5.3  
 [pepú], 3.3.2  
 pequeno, -echo..., 3.3.1A  
 pequeño, 3.3.1A  
 petit, 3.3.1A  
 petit garçon, 3.3.1A n.19  
 petiz, 3.3.1A  
 pícaro, 3.4.3, 3.5.1  
 [piécókéđdu], 3.3.1A  
 piccolo, piccolo... 3.3.1A  
 pici, 3.3.1A n.23  
 [pičiniŋ]..., 3.3.1A  
 pilosu, 3.3.1C  
 pipi, 3.1.2  
 pipiolo, 3.1.2  
 pippiu, 3.3.2  
 plod, 1,2, 3.1.1. n.16  
 polo, -ete, -iño..., 3.4.1  
 pollo, -ito, ón..., 3.4.1  
 popò, 3.3.2  
 poroboc, 1,2  
 poupon, poupard 3.3.2  
 prichindel, 3.3.2  
 prunc, pruncotean, 1.1  
 [pupát] [pupatuθ], 3.3.2  
 puști, puștan, 3.4.3  
 [putél], putelét, 1.1  
 putto, -ino, -ello, 1.1  
 ragazzo, 3.5.1  
 ragazzu, 3.5.1  
 raparigo, 3.5.1  
 rapaz, rapagoncito... 3.5.1  
 recién, 3.1.1 n.15  
 recién nacido, 3.1.1 n.15  
 redes, rais, 3.2  
 rorro, 2,3  
 sčet, 3.4.2  
 [šini:fiŋ], 2,3 n.14  
 [škavéθ], 3.4.3.  
 sugar, sugaci 3.1.2  
 [tabák], 3.4.3  
 taberote, 3.4.1  
 țica, 3.3.1A  
 tînr, 3.3.1B  
 [tofatél], 3.3.1C  
 toso, 3.3.1C  
 valet, 3.5.1  
 voinic, 3.5.1  
 [wátør], 3.5.1 n. 45  
 xaval, 1,2  
 xic, 3.3.1A  
 xicot, 3.3.1A  
 xiquet, 3.3.1A  
 xove, 1.1  
 zagal, -ito, -ón..., 1.2  
 zanguango, 3.4.1  
 zitello, 3.3.1A

### FORMAS FONÉTICAS NON IDENTIFICADAS

- [vrígu] (AIS, 1: 58)  
 [bagúrru] (AIS, 1: 45)  
 [béts] (AIS, 1: 45)  
 [bóffæ] (AIS, 1: 45)  
 [brigú] (AIS, 1: 58)  
 [budáŋ] (AIS, 1: 58)  
 [bufyøt] (AIS, 1: 45)  
 [fagén] (AIS, 1: 58)  
 [fangát] (AIS, 1: 45)  
 [fangéŋ] (AIS, 1: 58)  
 [fənzí] (AIS, 1: 58)  
 [féyyα] (AIS, 1: 58)  
 [frægi] (AIS, 1: 45, 58)  
 [frékə] (AIS, 1: 45)  
 [frígu] (AIS, 1: 45)  
 [fríka] (AIS, 1: 59)  
 [lgál] (AIS, 1: 45)  
 [máré] (AIS, 1: 45, 58)  
 [micécéđdu] (AIS, 1: 45)  
 [muré] (AIS, 1: 58)  
 [murye] (AIS, 1: 45)  
 [pɤem] (ASLEF, 3:1909, 1911)  
 [puemut] (ASLEF, 3:1909,-11)  
 [štíw] (AIS, 1: 58)  
 [stéđdu] (AIS, 1: 45, 58)  
 [teũteũ] (ALF Corse, 729)  
 [tswóry (u)] (AIS, 1: 45)